

**DEPUTACIÓN PROVINCIAL**

**DA CORUÑA**

**Acta da sesión ORDINARIA  
celebrada pola Excm. CORPORACIÓN PROVINCIAL  
o 14 de SETEMBRO de 2012**

**Orde do día** dos asuntos que se van tratar na sesión PLENARIA ORDINARIA que terá lugar o venres, 14 de setembro de 2012, ás DOCE HORAS.

## **ASUNTOS**

### **Actas**

1.-Aprobar a acta da sesión anterior, nº 7/12, do 27 de xullo.

2.-Toma de coñecemento das Resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 11.601 á nº 14.000, de 2012.

### **Comisión de Cultura, Educación, Deporte e Mocidade**

3.-Convenio coa Fundación Galiza Sempre correspondente á subvención nominativa para financiar “Actividades culturais no ano 2012”.

4.-Modificar o obxecto da subvención nominativa e convenio coa Asociación dos Amigos da Ópera da Coruña para financiar “Actividades de promoción da ópera no ano 2012: LX Festival de Ópera da Coruña”.

5.-Modificar o obxecto da subvención nominativa e convenio coa Asociación Cultural Orquesta Gaos para financiar “Actividades do ano 2012 – Ciclo de concertos”.

### **Comisión de Persoal e Réxime Interior**

6.-Alegacións contra a modificación do cadro de persoal e relación de postos de traballo do ano 2012 e aprobación definitiva.

### **Comisión de Infraestruturas Viarias: Vías e Obras Provinciais**

7.-Solicitar á Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación á que dea lugar a realización das obras do ENSANCHE SOBRE O RÍO TE NA DP 7203 DE TARAGOÑA AO PAZO NO PK 1 + 190. RIANXO. 111100006.0.

8.-Aprobar o expediente de mutación demanial subxectiva e en consecuencia transferir á administración da Comunidade Autónoma de Galicia o tramo entre Portomouro (intersección coa estrada AC53 Roxos-Portomouro) e Santa Comba (intersección coa estrada AC 400 Sigrás-Muros) da estrada provincial 0701 de Santiago de Compostela a Santa Comba (PK 11+500 ao PK 29+250).

### **Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamento**

9.-Aprobar o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Arteixo para financiar as obras do centro de formación ocupacional en Arteixo.

10.-Aprobar o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello da Capela para financiar as obras incluídas no proxecto de reparación de camiños municipais de Mourente, O Seixo, Sanda, O Lombo, A Corveira, O Machuco e outros.

11.-Aprobar o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ames para financiar a adquisición de 7 equipos informáticos para técnicos de urbanismo e 25 para oficinas.

12.-Aprobar o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Mesía para o financiamento da posta en funcionamento e mantemento da aula da natureza Museo Etnográfico das Brañas de Valga.

### **Comisión de Promoción Económica, Emprego, Medio Ambiente e Turismo**

13.-Aprobar a 4ª fase da anualidade 2010-2011 do Programa de modernización dos mercados locais dirixido aos concellos das comarcas do Barbanza, Muros-Noia e O Sar dentro do Plan director do comercio.

14.-Aprobar a 3ª fase da anualidade 2012 do Programa de modernización dos mercados locais dirixido aos concellos das comarcas do Barbanza, Muros-Noia e O Sar dentro do Plan director de comercio.

### **Comisión de Cooperación e Asistencia aos Concellos**

15.-Aprobar a 6ª fase da anualidade 2012 do Proxecto Mandeo cofinanciado con fondos Feder.

16.-Aprobar a modificación do proxecto da obra “Acondicionamento e pavimentación do camiño de Fene: Sixto Mauriz e outros” do Concello de Fene, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal e da rede viaria local (POS-RVL) 2008. Código: 08.2100.0129.0.

17.-Aprobar o segundo proxecto reformado da obra “Saneamento nas Travesas” do Concello de Monfero, incluída no Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008. Código 08.3300.0032.0.

18.-Aprobar o proxecto reformado da obra “Construción de vial público e saneamento no lugar de Vinseira Grande” do Concello de Culleredo, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos POS/2009. Código: 2009.2100.0097.0

19.- Aprobar o proxecto reformado da obra “Ampliación e abastecemento ao Polígono Industrial das Somozas” do Concello das Somozas, incluída no Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008/2011. Anualidade 2011. Código 11.3300.0253.0.

### **Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas**

20.-Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a ONGD “Enxeñería sen fronteiras Galicia”, para o financiamento do proxecto “Promoción da produción sustentable e uso racional dos recursos naturais, a través da implementación de 100 sistemas de rego na microconca da Quebrada Gallardo, do Concello de Namasigüe, Honduras”.

21.-Aceptar a ampliación das delegación de competencias tributarias do Concello de Cariño en materia de xestión, inspección e recadación da taxa pola utilización privativa e aproveitamento especial constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas.

22.-Aceptar a ampliación das delegacións de competencias tributarias do Concello de Culleredo en materia de xestión, inspección e recadación da taxa pola utilización privativa e aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas.

23.-Informe correspondente ao segundo trimestre do 2012 do cumprimento pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña (FAEPAC) do artigo catro da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, de loita contra a morosidade das operacións comerciais.

24.-Conta da Xestión Recadatoria relativa aos recursos propios do exercicio 2011.

ACTUACIÓN DE CONTROL

MOCIÓN

ROGOS E PREGUNTAS

## DEPUTACIÓN PROVINCIAL

### DA CORUÑA

#### SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 14 DE SETEMBRO DE 2012

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 14 de setembro de 2012, reuniuse a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión **ordinaria**.

#### CONCORRENTES

#### PRESIDE O ILMO. SR.:

DON DIEGO CALVO POUSO PP

#### ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTES:

DON SANTIAGO VICENTE AMOR BARREIRO	PP
DON JOSÉ CARLOS CALVELO MARTÍNEZ	PP
DON ANTONIO CAÑÁS VARELA	PP
DONA MARÍA DOLORES FARALDO BOTANA	PP
DON JESÚS SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA	PSOE
DON JOSÉ SANTIAGO FREIRE ABEIJÓN	PP
DONA MARÍA BEGOÑA FREIRE VÁZQUEZ	PP
DONA MARÍA MONTSERRAT GARCÍA CHAVARRÍA	PSOE
DONA MARÍA DEL CARMEN HERVADA ECHEVARRÍA	PP
DON MARIANO IGLESIAS CASTRO	PSOE
DON JULIO IGNACIO IGLESIAS REDONDO	PSOE
DON ANTONIO LEIRA PIÑEIRO	PSOE
DON CÉSAR LONGO QUEIJO	PSOE
DON ADOLFO FRANCISCO MUIÑOS SÁNCHEZ	BNG
DONA MARÍA PADÍN FERNÁNDEZ	PP
DON ANTONIO PEREIRO LIÑARES	PP
DON XOSÉ LOIS PIÑEIRO GARCÍA	BNG
DON XOSÉ REGUEIRA VARELA	BNG
DON MANUEL RIVAS CARIDAD	PP
DONA ZAIRA RODRÍGUEZ PÉREZ	PP
DONA MATILDE BEGOÑA RODRÍGUEZ RUMBO	PSOE
DON MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS	PP
DON MIGUEL DE SANTIAGO BOULLÓN	PP
DONA SILVIA SEIXAS NAIA	BNG
DON XESÚS MANUEL SOTO VIVERO	BNG
DON MANUEL TABOADA VIGO	PP
DONA AMANCIA TRILLO LAGO	PSOE

DONA MARÍA DEL CARMEN VARELA CORBELLE	PSOE
DON JOSÉ ALBINO VÁZQUEZ ALDREY	PP
DON PERFECTO VÁZQUEZ LEMA	PP

(O Sr. Amor Barreiro entra no salón comezada a sesión, na quenda de actuación de control).

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e dez minutos, o Sr. secretario le os asuntos incluídos na orde do día, en relación aos cales, por unanimidade, excepto nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

**1.-APROBAR A ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, Nº 7/12, DO 27 DE XULLO.**

Apróbbase a acta da sesión anterior, nº 7/12, do 27 de xullo.

**2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº 11.601 Á Nº 14.000, DE 2012.**

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 11.601 á nº 14.000, de 2012.

**3.-CONVENIO COA FUNDACIÓN GALIZA SEMPRE CORRESPONDENTE Á SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA FINANCIAR “ACTIVIDADES CULTURAIS NO ANO 2012”.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar o convenio coa Fundación Galiza Sempre correspondente á subvención nominativa, por importe de 10.000 €, concedida para financiar o Programa de actividades culturais no ano 2012, cun orzamento subvencionado de 12.500 €, de acordo co texto que se transcribe ao final deste acordo.

2.- Condicionar o presente acordo á incorporación do correspondente crédito ao Orzamento do ano 2013.

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Galiza sempre para financiar o *Programa de actividades culturais no ano 2012*.

A Coruña,

## REUNIDOS

D. Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación da Coruña, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 34.1.b) da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local.

D. Xesús Veiga Buxán, presidente da Fundación Galiza Sempre, en nome e representación desta e no uso das facultades que lle outorga o art. 13 dos seus estatutos.

Actuando ambos os dous no exercicio dos seus respectivos cargos, recoñécendose mutuamente competencia para actuar na representación que teñen,

## EXPOÑEN

1.- Que os art. 109.1.d) e 118.d) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia atribúe ás deputacións competencias no fomento e administración dos intereses peculiares da provincia en materia de cultura; asemade, a Lei 8/1995, do patrimonio cultural de Galicia establece a colaboración das administracións públicas na protección e defensa dos bens que integran o patrimonio cultural de Galicia.

2.- Ambas as dúas partes recoñecen o interese do coñecemento e divulgación da recente historia sociopolítica galega, así como do estudo da traxectoria e achegas do nacionalismo galego ao avance da democracia e as liberdades en Galicia.

3.- A Fundación Galiza Sempre ten entre os seus obxectivos fundacionais o fomento e realización de actividades culturais que teñan por fin o estudo e desenvolvemento do pensamento político, social, económico e cultural de Galicia, difundir o pensamento político daquelas persoas e entidades que traballan pola consecución da soberanía da nación galega, o progreso social e o afondamento da democracia, promover o coñecemento na sociedade da personalidade nacional de Galicia, e da súa historia, afondar no coñecemento da realidade galega na súa dimensión política, social, cultural e económica, aumentar a formación política e a participación da cidadanía e impulsar e divulgar iniciativas de intercambio e cooperación exterior para contribuír á xustiza e á equidade nas relacións entre os pobos.

4.- Para o cumprimento dos seus obxectivos, a Fundación Galiza Sempre pode realizar, segundo o art. 6 dos estatutos, as seguintes actividades:

- \* Organización de cursos, conferencias, coloquios, congresos e seminarios de estudos.
- \* Edición, redacción e subvención de publicacións e outros materiais.
- \* Organización dun arquivo do nacionalismo galego e do pensamento político e social de Galicia.

\* Promoción, organización e realización de exposicións, actividades públicas e campañas de prensa, radio e televisión, coa intención de difundir os obxectivos fundacionais.

5.- Neste marco, a Fundación Galiza Sempre desenvolve dúas liñas de actuación prioritarias:

\* A promoción do pensamento socioeconómico, político e cultural, con tres eixes temáticos: o mundo das nacións sen estado; o neoliberalismo, a exclusión e a desigualdade social, a crise e as súas alternativas; e a realidade e as políticas públicas alternativas.

\* A preservación e difusión da memoria histórica do nacionalismo galego, coas seguintes iniciativas: exposicións; documentais; programas radiofónicos; web sobre a historia do nacionalismo galego; debates; publicacións; organización do arquivo do nacionalismo galego.

6.- Neste contexto, subscríbese o presente convenio de colaboración, no que se determinan as actuacións que se levarán a cabo, de acordo coas seguintes

## CLÁUSULAS

### I.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Galiza Sempre para financiar o *Programa de actividades culturais no ano 2012* que ten como obxectivo fundamental aumentar a formación e a participación política da cidadanía e impulsar a sensibilización da sociedade sobre problemáticas propias da nación galega, mediante as seguintes liñas de actuación:

\* investigación, selección, elaboración, tradución e debate de textos a cargo de grupos de traballo.

\* edición, deseño e produción dos formatos de difusión.

\* información e divulgación de documentos.

### II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria.

A Fundación Galiza Sempre desenvolverá o proxecto definido na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

Persoal de dirección e coordinación	6.000.-
Servizos profesionais: colaboracións	1.500.-
Axudas de custe, aloxamentos e desprazamentos	500.-



Publicidade e publicacións	2.500.-
Produción, infraestruturas e medios técnicos	1.000.-
Gastos xerais, administración e xestión	1.000.-
<b>Total</b>	<b>12.500 €</b>

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 10.000 €, o que representa unha porcentaxe do 80 %.

No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/334A/481, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito de abondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Fundación Galiza Sempre obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### IV.- Contratación da execución

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á Fundación Galiza Sempre.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á Fundación Galiza Sempre, nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a Fundación Galiza Sempre deberá solicitar polo menos tres orzamentos a

distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

#### V.- Publicidade do financiamento provincial

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Fundación Galiza Sempre.

#### VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial

A achega da Deputación seralle aboada á Fundación Galiza Sempre, unha vez que se presente a seguinte documentación:

\* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Fundación Galiza Sempre, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

\* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

\* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2012.

\* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

\* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

\* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

\* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

#### VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán realizarse durante o ano 2012.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Fundación Galiza Sempre deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo dun mes contado a partir da finalización daquelas.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Fundación Galiza Sempre para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Fundación Galiza Sempre da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Fundación Galiza Sempre na documentación aportada; e se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a Fundación Galiza Sempre terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

#### VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A Fundación Galiza Sempre deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que está ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

#### IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos

1.- A Fundación Galiza Sempre destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Fundación Galiza Sempre deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

#### X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1.- Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Fundación Galiza Sempre poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Fundación Galiza Sempre queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### XI.- Reintegro, infraccións e sancións

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na Base 55.6ª das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do

importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Fundación Galiza Sempre serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Fundación Galiza Sempre será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará un ano despois da súa sinatura, e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán realizarse dende o 1 de xaneiro de 2012.

2.- Despois da solicitude previa da Fundación Galiza Sempre, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado

por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

#### XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias establecida na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución de Presidencia nº  
---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento. “

#### **4.-MODIFICAR O OBXECTO DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA E CONVENIO COA ASOCIACIÓN DOS AMIGOS DA ÓPERA DA CORUÑA PARA FINANCIAR “ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DA ÓPERA NO ANO 2012: LX FESTIVAL DE ÓPERA DA CORUÑA”.**

Por unanimidade, aprobase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar a modificación do obxecto da subvención nominativa concedida á Asociación dos Amigos da Ópera, para financiar “Actividades de promoción da ópera do ano 2012”, no senso de que a subvención se destine a financiar “*Actividades de promoción da ópera no ano 2012: LX Festival de Ópera da Coruña*”.

2.- Modificar o importe da subvención concedida que pasa a ser dun total de 74.933,30 €: 52.000 €, en metálico + 22.933,30 €, en especie.

3.- Aprobar o convenio correspondente á dita subvención, de acordo co texto que se achega ao final deste acordo.

4.- Condicionar o presente acordo á incorporación do correspondente crédito ao Orzamento do ano 2013.

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación dos Amigos da Ópera para financiar *Actividades de promoción da ópera no ano 2012: LX Festival de Ópera da Coruña*.

A Coruña,

#### REUNIDOS

D. Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación Provincial da Coruña, e

Dña. Natalia Lamas Vázquez, presidenta da Asociación dos Amigos da Ópera da Coruña.

#### EXPOÑEN

1.- Que, o día 1 de febreiro de 1989 , e, ao amparo do disposto na Lei de asociacións 191/64, aprobáronse os estatutos vixentes da Asociación dos "Amigos da Ópera da Coruña", asociación de carácter cultural e sen ánimo de lucro, cuxo obxecto é o de cultivar e fomentar a ópera, mediante a organización, tanto de representacións, como de todas aquelas actividades que poidan conducir á expansión e coñecemento dela.

2.- Que, de conformidade co art. 118.d) da Lei 5/1997, 22 de xullo, de administración local de Galicia, é competencia das deputacións provinciais, entre outras, a organización de actividades que teñan por finalidade o fomento en materia de cultura.

3.- Que, en exercicio destas competencias, a Deputación da Coruña está interesada en contribuír ao patrocinio do LX Festival de Ópera que se celebrará na cidade da Coruña, neste ano e, en tal sentido, no Orzamento correspondente ao presente exercicio figura unha subvención nominativa destinada ao seu financiamento.

4.- Que, co obxecto de facer efectiva a súa colaboración, ambas as dúas institucións acordan subscribir o presente convenio, conforme ás seguintes

#### CLÁUSULAS

I.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación dos Amigos da Ópera da Coruña. (CIF: G15037930) para financiar *Actividades de promoción da ópera no ano 2012: LX Festival de Ópera da Coruña* que terá lugar nos meses de agosto e setembro deste ano, coa seguinte programación:

Óperas.-

\* *Nabucco*, de G.Verdi: 8 de setembro (versión concerto)

\* *Madama Butterfly*, de G. Puccini: 27 e 30 de setembro

Concertos.-

\* *Concerto inaugural, con Celso Albelo, Irina Lungu e a OSG*: 29 de agosto

\* *“As novas voces galegas”*: 14 de setembro

Conferencias.-

Lugares e datas por determinar

Ciclo de cine e ópera.-

Lugares e datas por determinar

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a Asociación dos Amigos da Ópera da Coruña

A Asociación dos Amigos da Ópera da Coruña desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

Producións	235.000.-
Contratación de artistas	235.000.-
Viaxes e aloxamento	87.000.-
Total	557.000 €

III.- Obrigas das partes

1.- Obrigas da Deputación da Coruña:

Realizar os seguintes traballos de imprenta:

\* Programas de man: imprimirase un modelo para cada un dos catro espectáculos, cunha tirada máxima de 2.000 exemplares para cada día de representación.

\* Carteis: imprimirase un único modelo, cunha tirada máxima de 15.000 exemplares.

- Libro-catálogo do Festival: imprimirase un único modelo, cunha tirada de 2.000 exemplares, de acordo coas seguintes características:



Páxinas: 208 máximo  
Tamaño: 17 x 24  
Encadernación: rústica

Ningún material realizado na Imprenta provincial poderá conter publicidade comercial.

2.- Obrigas da Asociación dos Amigos da Ópera da Coruña:

- \* Aboar todos os gastos de produción.
- \* Aboar todos os gastos derivados do transporte, montaxe e seguros de materiais.
- \* Adoptar as medidas de seguridade que sexan necesarias para evitar que se produzan accidentes, dos que non será responsable a Deputación.
- \* Xestionar a cesión dos locais nos que se celebren as actividades.
- \* Aboar e xestionar todos os gastos de publicidade e difusión en prensa.
- \* Proporcionar os contidos do material gráfico que se ha realizar na Imprenta provincial; este material entregárase á Imprenta provincial maquetado e con probas, en PDF de alta resolución.

IV.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá a financiar a actividade, tal como se define na cláusula primeira, cun total de 74.933,30 €, do seguinte xeito:

- \* unha achega en metálico, por importe máximo de 52.000 €, o que representa unha porcentaxe do 9,34 %.
- \* unha achega en especie, por importe de 22.933,30 €, correspondente aos gastos de realización na Imprenta provincial do material gráfico relacionado na cláusula III.-1 anterior, o que representa unha porcentaxe do 100 %.

No caso de que a gasto xustificado non acade o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 13,453 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/335A/481, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito dabondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación dos Amigos da Ópera da Coruña obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### V.- Contratación da execución

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á Asociación dos Amigos da Ópera da Coruña.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Asociación dos Amigos da Ópera da Coruña, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a Asociación dos Amigos da Ópera da Coruña deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

#### VI.- Publicidade do financiamento provincial

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización do *LX Festival de Ópera da Coruña*, ben sexa nos medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Asociación dos Amigos da Ópera da Coruña.

#### VII.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial

A achega da Deputación seralle aboada á Asociación dos Amigos da Ópera da Coruña unha vez que se presente a seguinte documentación:

\* Memoria de actuación, subscriba polo representante legal da Asociación dos Amigos da Ópera da Coruña, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

\* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsada deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades incluídas no *LX Festival de Ópera da Coruña*.

\* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

\* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

\* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

\* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula sexta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VIII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán realizarse durante o ano 2012.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Asociación dos Amigos da Ópera da Coruña deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sétima no prazo máximo dun mes contado a partir da finalización daquelas.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recíbise xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á

Asociación dos Amigos da Ópera da Coruña para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Asociación dos Amigos da Ópera da Coruña da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación dos Amigos da Ópera da Coruña.

Se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a Asociación dos Amigos da Ópera da Coruña terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

#### IX.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social

1.- A Asociación dos Amigos da Ópera da Coruña deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

#### X.- Destino e manexo dos fondos recibidos

1.- A Asociación dos Amigos da Ópera da Coruña destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asociación dos Amigos da Ópera da Coruña deberá contar, polo

menos, cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

#### XI.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1.- Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación dos Amigos da Ópera da Coruña poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación dos Amigos da Ópera da Coruña queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### XII.- Reintegro, infraccións e sancións

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas establecidas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na Base 55.6ª das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o retraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción

imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XIII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación dos Amigos da Ópera da Coruña serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación dos Amigos da Ópera da Coruña será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIV.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará un ano despois da súa sinatura, e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán realizarse dende o 1 de xaneiro de 2012.

2.- Despois da solicitude previa da Asociación dos Amigos da Ópera da Coruña, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei

38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias establecida na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución de Presidencia nº ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuaduplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

## **5.-MODIFICAR O OBXECTO DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA E CONVENIO COA ASOCIACIÓN CULTURAL ORQUESTA GAOS PARA FINANCIAR “ACTIVIDADES DO ANO 2012 – CICLO DE CONCERTOS”.**

Por unanimidade, aprobouse o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar a modificación do obxecto da subvención nominativa concedida á Asociación Cultural Orquesta Gaos para financiar “Actividades do ano 2012”, no senso de que a subvención se destine a financiar “*Actividades do ano 2012-Ciclo de concertos*”.

2.- Aprobar o convenio correspondente á dita subvención, de acordo co texto que se achega ao final deste acordo.

3.- Condicionar o presente acordo á incorporación do correspondente crédito ao Orzamento do ano 2013.

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Cultural Orquesta Gaos para financiar o programa de *Actividades do ano 2012-Ciclo de concertos*.

A Coruña,

REÚNENSE

D. Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación Provincial da Coruña, e

D. Marcos Seoane Vilariño, presidente da Asociación Cultural Orquesta Gaos.

## EXPONEN

1.- Que o 20 de novembro de 2009 e ao abeiro do disposto na Lei orgánica 1/2002, reguladora do dereito de asociación, constituíuse a Asociación Cultural Orquesta Gaos, asociación de carácter cultural e sen ánimo de lucro, tendo como fins: a cultura musical e a súa relación coas demais artes e ser o impulsor principal da Orquesta Gaos.

Para levar a cabo os seus fins poderá organizar concertos, cursos, conferencias, exposicións, seminarios e calquera outra actividade conducente á consecución dos ditos fins.

2.- Que, de conformidade co artigo 118.d) da Lei 5/1997, 22 de xullo, da administración local de Galicia, é competencia das deputacións provinciais, entre outras, a organización de actividades que teñan por finalidade o fomento en materia de cultura.

3.- Que, no exercicio destas competencias, a Deputación da Coruña está interesada en contribuír ao patrocinio da realización dunha serie de concertos na Comunidade Autónoma.

4.- Que, co obxecto de facer efectiva a súa colaboración, ambas as dúas institucións acordan subscribir o presente convenio, conforme ás seguintes

## CLÁUSULAS

### I.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Cultural Orquesta Gaos (CIF: G70233424) para financiar as *Actividades do ano 2012-Ciclo de concertos* cos seguintes programas:

#### Programa 1.-

\* Concerto para piano e orquestra nº 5 “Emperador”, de Beethoven.

\* Sinfonía nº 41 “Xupiter”, de Mozart.

Solista: Gabrile López

#### Programa 2.-

\* Concerto para violín e orquestra nº 1, de Shostakovich.

\* Sinfonía nº 7, de Beethoven.

Solista: Javier Cedroán



II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a Asociación Cultural Orquesta Gaos.

A Asociación Cultural Orquesta Gaos desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

<i>Gastos xerais</i>	
Aluguer de partituras	704,37.-
Fotocopias de traballo	200,00.-
Transporte músicos programa 1	345,60.-
Trasporte músicos programa 2	361,80.-
Transporte materiais	934,56.-
<i>Importe</i>	<i>2.546,33.-</i>
<i>Programa 1</i>	
Axudas de custe músicos	9.800,00.-
Desprazamentos ensaios	2.315,22.-
<i>Importe</i>	<i>12.115,22.-</i>
<i>Programa 2</i>	
Axudas de custe músicos	15.975,00.-
Desprazamentos ensaios	5.184,54.-
<i>Importe</i>	<i>21.159,54.-</i>
<i>Total de gastos</i>	<i>35.821,09 €</i>

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 10.000 €, o que representa unha porcentaxe do 27,917 %.

No caso de que o gasto xustificando non acade o importe total establecido na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 27,917 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento establecido na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/335A/481, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito dabondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación Cultural Orquesta Gaos obteña para a

mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### IV.- Contratación da execución

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Asociación Cultural Orquesta Gaos.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á Asociación Cultural Orquesta Gaos, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a Asociación Cultural Orquesta Gaos deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

#### V.- Publicidade do financiamento provincial

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa nos medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Asociación Cultural Orquesta Gaos.

#### VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial

A achega da Deputación seralle aboada á Asociación Cultural Orquesta Gaos unha vez que se presente a seguinte documentación:

\* Memoria de actuación, subscripta polo representante legal da Asociación Cultural Orquesta Gaos.

\* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiránse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2012.

\* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

\* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

\* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

\* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

## VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán realizarse durante o ano 2012.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Asociación Cultural Orquesta Gaos deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo dun mes contado a partir da finalización daquelas.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Asociación Cultural Orquesta Gaos para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Asociación Cultural Orquesta Gaos da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación Cultural Orquesta Gaos na documentación subministrada.

Se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a Asociación Cultural Orquesta Gaos terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

#### VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social

1.- A Asociación Cultural Orquesta Gaos deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que está ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin autoriza á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

#### IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos

1.- A Asociación Cultural Orquesta Gaos destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asociación Cultural Orquesta Gaos deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

#### X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1.- Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de

xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación Cultural Orquesta Gaos poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co establecido na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación Cultural Orquesta Gaos queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### XI.- Reintegro, infraccións e sancións

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións establecidos nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na Base 55.6ª das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

#### XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación Cultural Orquesta Gaos serán remitidos á Intervención

xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade establecida no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación Cultural Orquesta Gaos será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

### XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará un ano despois da súa sinatura, e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán realizarse dende o 1 de xaneiro de 2012.

2.- Despois da solicitude previa da Asociación Cultural Orquesta Gaos, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

### XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución de Presidencia nº  
---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

## **6.-ALEGACIÓNS CONTRA A MODIFICACIÓN DO CADRO DE PERSOAL E RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO ANO 2012 E APROBACIÓN DEFINITIVA.**

### INTERVENCIONS

Sr. Regueira Varela

Nós no Pleno onde se procedeu a mellorar as condicións laborais dos traballadores e traballadoras do Servizo de Informática xa advertimos que nestes tempos en que cada paquete de medidas adoptadas polo Goberno do Estado amparándose na crise vén implícito a perda, cada vez máis grande, do poder adquisitivo dos traballadores e traballadoras dos servizos públicos. Nós advertiamos que mellorar as condicións laborais dun só Servizo ía significar un agravio comparativo para o resto do persoal ao servizo desta Administración pública e non dubidamos de que a decisión tomada naquel Pleno de mellorar as condicións laborais de Informática fosen necesarias, que o eran, sen dúbida, pero tamén entendemos que o son as reclamacións do resto do persoal ao servizo desta administración e, neste caso, do persoal do Servizo de Recadación.

Por tanto, entendemos xustas as reclamacións do persoal que asina as alegacións e por iso imos votar en contra do ditame de desestimación da comisión.

Sr. Fernández Moreda

Grazas, Sr. Presidente. Este punto número seis está en relación co acordo adoptado no pasado día 29 de xuño, no que se aprobou o Plan de emprego e reestruturación do Servizo da área de Organización e Sistemas. Naquel momento dixemos que non tiñamos un coñecemento preciso da reforma e non sabiamos como podería afectar a outros servizos ou a outras áreas da Deputación en reivindicacións xustas dos propios funcionarios. Naquel momento abstivémonos, e en consecuencia con esa votación hoxe anunciamos tamén a abstención neste punto.

Sr. Freire Abeijón

Pór de manifesto que cando se tomou o referido acordo plenario non houbo alegacións e que é competencia da Corporación provincial a modificación das retribucións complementarias de tal forma que entendemos que é lexítima esta decisión, pero de todas as maneiras o deputado da área de Persoal coñece máis detalladamente as circunstancias e el pódoo explicar con máis exactitude.

Sr. de Santiago Boullón

Moitas grazas, Sr. Presidente, Sres. deputados. No caso que aquí se fala hoxe diremos que os reclamantes non varían en absoluto as súas retribucións, como dixo o portavoz do Partido Popular, estas retribucións foron xa aprobadas na RPT, que foi aprobada no Pleno de decembro, non houbo neste caso reclamación ningunha, non houbo recurso, polo que é plenamente firme. O que agora se modifica é unha área concreta, son uns postos concretos mediante un Plan de emprego específico, é unha modificación das funcións dos traballadores e do Servizo de Informática e Organización, pero esa modificación non afecta para nada aos postos que os alegantes desempeñan. Estes postos non varían en absoluto, son distintos, xa o eran antes, e tamén están clasificados con niveis distintos.

Este cambio, esta nova organización da área Informática e Organización fíxose dunha forma magnífica, houbo unha Mesa de Negociación, falouse persoalmente con todos e cada un dos traballadores afectados, chegándose a un acordo coas centrais sindicais, tres votaron a favor, unha abstívose, para clasificar os postos de traballo.

Doutra banda a Corporación pode, recoñecido por lei, adecuar as retribucións complementarias ás características diferenciadas de cada posto de traballo. Doutra banda, e xa termino, a xurisprudencia neste caso é unánime, é constante, despois de que a equiparación das retribucións complementarias do traballo é inatendible, xa que os postos de traballo, aínda que sexan o mesmo grupo de titulación, son diferentes, as funcións, a dedicación, e precisamente neste caso de Informática hai funcións diferentes que antes non existían, como é o CAU, como é a asistencia in situ aos concellos que fan necesario, por suposto, adecuar as retribucións complementarias. Moitas grazas.

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 16 deputados (PP)  
Votan en contra: 5 deputados (BNG)  
Abstéñense: 9 deputados (PSOE)

### **ACORDO**

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“En relación co escrito presentado por varios funcionarios desta Deputación, no que consta como primeira asinante dona M<sup>a</sup> José López Mata, no que formulan alegacións



dentro do prazo legal contra a modificación do cadro de persoal e da relación de postos de traballo para 2012 e Plan de emprego específico para a Área de Organización e Sistemas, aprobada inicialmente polo acordo plenario do 29/06/2012.

Resultando que fundamentan as alegacións en que, na súa opinión, a avaliación de varios postos de traballo constitúe unha discriminación en relación cos traballadores doutros Servizos da Deputación, concretamente os servizos tributarios, considerando os alegantes que é obxectivamente inxusto e organizativamente inconveniente dous traballadores, “desempeñando o mesmo posto de traballo e en consecuencia percibindo as mesmas retribucións” sexan compensados igual no caso de que un deles desempeñe o seu posto con especial rendemento, actividade extraordinaria, interese e iniciativa, mentres que o outro se limita a cumprir cos estándares mínimos do posto de traballo; e que, ademais, entenden que a maior dedicación e especialización se require por parte dos servizos tributarios.

Considerando que no caso dos aquí reclamantes, as súas retribucións non varían, en ningún caso, coas xa fixadas na relación de postos de traballo vixente para 2012 (BOP núm. 19, do 27/01/2012), aprobado polo acordo plenario do 16/12/2011, sen que se produciran reclamacións, nin ningún recurso contra o dito acordo, polo que é plenamente firme e que é o que agora se modifica puntualmente polo que se refire a unha área concreta, uns postos concretos que son os da dita área e mediante un Plan de emprego específico, precisamente, pola modificación das funcións que se lle asignan aos tales postos de traballo; sen que, pola contra, a tal modificación afecte en nada a ningún dos postos que ocupan os alegantes, que non son obxecto de variación ningunha e que, ademais, xa non eran antes similares, senón distintos, clasificados con niveis tamén distintos e con funcións igualmente distintas dos agora modificados e incluídos no Plan de emprego específico.

Considerando que a través das respectivas Mesas de Negociación do persoal se analizan anualmente, ou, como no caso presente, cando se produce algunha modificación substancial, as funcións e se avalían os distintos postos de traballo, chegando aos acordos correspondentes de reclasificar determinados postos de traballo, modificando nuns deles os niveis do complemento de destino para axustalos ás funcións que desenvolven, e noutros o complemento específico en atención á responsabilidade, penosidade ou especial dificultade técnica, de conformidade co disposto no R.D. 861/1986, do 25 de abril, polo que se establece o réxime de retribucións dos funcionarios da administración local (art. 4.1).

Considerando que a Corporación pode, logo da negociación previa, aplicarlle ás retribucións complementarias o incremento que para cada ano fixe a correspondente

Lei de orzamentos xerais do Estado e pode tamén, de conformidade co que invariablemente dispón anualmente a dita lei, adecuar as retribucións complementarias cando sexa necesario para asegurar que as asignadas a cada posto de traballo garden a relación procedente co contido de especial dificultade técnica, dedicación, responsabilidade, perigosidade ou penosidade del.

Considerando, por último, que a xurisprudencia é unánime e constante (entre outras e por todas, STSXG nº 253/1989, do 14/04/1989, e STSXG Nº 806/1996, do 29/11/1996, que cita a do TS do 13/02/1996 en recurso extraordinario de revisión), en canto a que a equiparación de postos de traballo é inatendible aínda que se trate do mesmo grupo de titulación, se os postos son en efecto diferentes en función de circunstancias e titulacións diferentes, así como nas funcións, dedicación, responsabilidade, que motivan, precisamente, a diferenciación das retribucións complementarias, complemento de destino e específico de cada posto, por esixilo así a propia natureza e esencia dos tales complementos.

De conformidade cos preceptos legais e xurisprudencia citados, e demais concordantes e de aplicación.

Rexeitar as alegacións contra a modificación do cadro de persoal e a relación de postos de traballo de 2012, aprobada inicialmente polo Pleno da Corporación do 29/06/2012, formuladas polos funcionarios dona M<sup>a</sup> José López Mata e outros.

En consecuencia, aprobar definitivamente a modificación do cadro de persoal e a relación de postos de traballo de 2012, aprobada inicialmente polo Pleno da Corporación do 29/06/2012, dando traslado da tal aprobación definitiva á Dirección Xeral de Administración Local da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e á Dirección Xeral de Cooperación Local, Secretaría de Estado de Cooperación Territorial, do Ministerio de Administracións Públicas, para os efectos oportunos.”

**7.-SOLICITAR Á XUNTA DE GALICIA A DECLARACIÓN DE URXENTE OCUPACIÓN DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLA EXPROPIACIÓN Á QUE DEA LUGAR A REALIZACIÓN DAS OBRAS DO ENSANCHE SOBRE O RÍO TE NA DP 7203 DE TARAGOÑA AO PAZO NO PK 1 + 190. RIANXO. 111100006.0.**

Por unanimidade, apróbae o seguinte ditame da Comisión:

“Solicitar á Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dea lugar a realización das obras, de conformidade co artigo 52 da Lei de expropiación forzosa e Orde do 7 de decembro de 1983 da Consellería de Presidencia e con base nos informes que constan no expediente, tendo en conta que existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución das citadas obras, tales como que:

- Actualmente a estrada ten unha calzada estreita de media de 5,4 metros e beiravías de 0,4 na marxe dereita e 0,9 na marxe esquerda. Estas condicións dificultan a seguridade na circulación de peóns.
- A estrada provincial na zona da ponte está próxima ao núcleo de Rianxo e a un hipermercado, polo que existe un apreciable tránsito de peóns nas devanditas zonas poboadas. Actualmente a estrada ten beiravías escasas, que unido á reducida dimensión da calzada, provoca que os peóns non poidan desprazarse nas debidas condicións de seguridade. A creación de pasarelas peonís por ambas as dúas marxes posibilitarán unha circulación máis segura para todos os veciños dos núcleos existentes na estrada provincial.
- A estrada na zona da ponte está próxima a unha das entradas da vía de alta capacidade VG 11 polo que o tráfico de vehículos é tamén importante. Segundo datos de capacidade realizados recentemente a intensidade media diaria da devandita estrada é de 3776 vehículos/día cun 6.39% de vehículos pesados e con intensidades horarias de ata 394 vehículos/hora, que unido ás precarias condicións xeométricas da vía, provocan que, actualmente, a seguridade na circulación da estrada necesita unha mellora urxente para o tráfico peonil.
- No últimos catro anos houbo dous accidentes de tráfico. Independentemente doutras circunstancias concorrentes (velocidade, estado do condutor, factores climatolóxicos), a mellora urxente das condicións da circulación peonil da vía diminuírá o risco de atropelo.

Todo iso co fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.

**No entanto, con carácter previo, deberá tentarse o mutuo acordo cos afectados.**

- Someter a información pública o expediente expropiatorio para a execución das obras ENSANCHE SOBRE O RIO TE NA D.P. 7203 DE TARAGOÑA A PAZO NO PK 1+190. RIANXO. 111100006.0 mediante a publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia cun prazo de quince días para reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado se estas non se producen.”

**8.-APROBAR O EXPEDIENTE DE MUTACIÓN DEMANIAL SUBXECTIVA E EN CONSECUENCIA TRANSFERIR Á ADMINISTRACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA O TRAMO ENTRE**

**PORTOMOURO (INTERSECCIÓN COA ESTRADA AC53 ROXOS-PORTOMOURO) E SANTA COMBA (INTERSECCIÓN COA ESTRADA AC 400 SIGRÁS-MUROS) DA ESTRADA PROVINCIAL 0701 DE SANTIAGO DE COMPOSTELA A SANTA COMBA (PK 11+500 AO PK 29+250).**

INTERVENCIONS

Sr. Freire Abeijón

Manifestar simplemente que este é un primeiro exemplo e que serán máis, froito dunha colaboración eficaz entre a Administración autonómica e a provincial, que vai permitir que unha vía cunha elevada densidade de tráfico e que posiblemente nunha orixe a competencia era claramente provincial, dado a densidade actual e dada a incidencia do tráfico nestes últimos anos nesa vía, demóstrase que nos últimos meses viñéronse realizando unha serie de xestións coa Administración autonómica para que se materializase este acordo, entendemos que supón unha liberación tamén para o ente provincial, dado que ao ser asumido pola Comunidade Autónoma vai permitir facer unha actuación eficaz sobre ela, e dentro dese marco de colaboración esperamos seguir propondo novas actuacións en breve.

Sr. Fernández Moreda

Grazas, Sr. Presidente, non pensaba intervir pero a intervención do portavoz do Partido Popular suscítame unha serie de reflexións. Creo que este é un acordo moi bo para a Deputación, transferir esta estrada que comunica localidades importantes da provincia e que soporta unha importante densidade de tráfico, transferila á Xunta, é un bo acordo e unha boa decisión.

Era un tema no que xa viña traballando desde hai moitos anos a Deputación coa Xunta anterior e coas anteriores, no sentido de transferir estradas provinciais á Xunta e de recoller estradas de titularidade autonómica e pasar a ser de titularidade provincial. Non foi posible facelo antes porque o anterior goberno da Xunta quería facer un acordo global das catro deputacións, a min paréceme ben que se hai un acordo que o faga canto antes, cunha, con dúas, con tres ou con catro, pero a intervención do Sr. Portavoz do Grupo Popular suscítame unha pregunta. Este é un proceso aberto, nese proceso imos recoller nós estradas de titularidade autonómica como compensación das que imos ceder á Comunidade Autónoma?

Sr. Presidente

Permítame que llo aclaro e xa pasamos á votación. Efectivamente, como vostede sabe, hai un traballo que vén realizando desde hai moitos anos na Deputación, é certo que en colaboración coa Xunta de Galicia, é verdade que era difícil levar a cabo ese acordo, e é certo que por parte dos servizos técnicos desta casa foron identificados aqueles tramos de vías provinciais que son susceptibles de ser asumidas pola Comunidade Autónoma, e tamén é certo que, por parte dos mesmos servizos desta casa,

identificáronse aqueles tramos que sendo de titularidade autonómica poderían pasar a ser de titularidade provincial.

Efectivamente, o balance, e podémolo dicir que é un documento público e seguro que o coñecen, o balance cara á Deputación, neste caso da Coruña, é moi positivo porque teñen que ser asumidos por parte da Xunta de Galicia moitos máis quilómetros de estradas que por parte da Deputación.

Este é un primeiro paso, como dicía o portavoz, pero loxicamente nalgún momento teremos que asumir tamén algunha estrada de titularidade a día de hoxe autonómica, pasará a ser provincial, pero era importante romper ese inicio de conversacións, que levaba moito tempo traballando e non se conseguían os froitos, isto é unha boa noticia, eu creo, para a Deputación en xeral, e esperemos que ese saldo dese informe que elaboraron os técnicos no seu día se cumpra canto antes, porque significará unha boa noticia para as estradas en xeral, para a rede de estradas, pero tamén unha boa noticia para esta Deputación porque o saldo era bastante favorable neste caso á Deputación da Coruña.

### **ACORDO**

Por unanimidade, aprobouse o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar o expediente de mutación demanial subxectiva e en consecuencia transferir á Administración da Comunidade Autónoma de Galicia o tramo entre Portomouro (intersección coa estrada AC53 Roxos-Portomouro) e Santa Comba (intersección coa estrada AC 400 Sigrás-Muros) da estrada provincial 0701 de Santiago de Compostela a Santa Comba (PK 11+500 ao PK 29+250).

2.- Aprobar o texto do ACORDO ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA A TRANSFERENCIA DE TITULARIDADE DO TRAMO ENTRE PORTOMOIRO E SANTA COMBA DA ESTRADA PROVINCIAL CP-0701.

3.- Facultar o presidente da Deputación provincial da Coruña para a sinatura do ACORDO ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA A TRANSFERENCIA DE TITULARIDADE DO TRAMO ENTRE PORTOMOIRO E SANTA COMBA DA ESTRADA PROVINCIAL CP-0701 e das correspondentes actas de entrega e recepción que perfeccionarán o cambio de destino dos bens.

4.- Dar de baixa no Inventario de Bens da Deputación provincial da Coruña os citados bens.”

**ACORDO ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA A TRANSFERENCIA DE**

## **TITULARIDADE DO TREITO ENTRE PORTOMOURO E SANTA COMBA DA ESTRADA PROVINCIAL CP-0701**

### **REUNIDOS**

Dunha parte, Agustín Hernández-Fernández de Rojas, presidente da Axencia Galega de Infraestruturas, en virtude das competencias atribuídas no artigo 9.2 do Decreto 173/2011, do 4 de agosto, polo que se aproba o estatuto da Axencia Galega de Infraestruturas.

Doutra parte, Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación Provincial da Coruña, en virtude das facultades que lle atribúe o artigo 34.1 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen con capacidade legal, suficiente e necesaria para o outorgamento do presente acordo e para tal efecto

### **EXPOÑEN**

Primeiro.- A Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia, establece no artigo 4 que a titularidade das estradas de Galicia corresponde á Comunidade Autónoma ou ás entidades locais.

Segundo.-O artigo 5 da lei citada no punto anterior indica que os cambios de titularidade das estradas terán que ser aprobados por decreto da Xunta de Galicia, a proposta da consellería competente en materia de estradas, logo do acordo entre as administracións afectadas.

Terceiro.-O documento de síntese do Plan director de estradas de Galicia propón que pase a formar parte da Rede Autonómica de Estradas de Galicia aquelas estradas que, cumprindo unha función de articulación territorial, son actualmente de titularidade provincial ou municipal.

Cuarto.-Entre as estradas que presentan as características indicadas no apartado terceiro está a estrada CP-0701 de Santiago de Compostela a Santa Comba, no treito comprendido entre a futura intersección coa planificada variante de Aradas e Santa Comba.

Esta estrada, para os efectos funcionais, divídese en dous treitos perfectamente diferenciados: o treito comprendido entre Santiago de Compostela e Portomouro cubre unha demanda de mobilidade similar á da estrada autonómica AC-453 entre Roxos e Portomouro; a partir de Portomouro non existen alternativas autonómicas aos itinerarios que seguen as estradas provinciais en dirección Santa Comba ou a Carballo.

Quinto.-En consecuencia, é preciso priorizar a transferencia do segundo treito da estrada, que non conta con ningunha alternativa viable a través de estradas autonómicas. O cambio de titularidade foi informado favorablemente pola Área de Planificación e Programación da Axencia Galega de Infraestruturas o tres de setembro de 2012.

De conformidade e co anteriormente exposto, as partes

#### ACORDAN

O cambio de titularidade a prol da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia do treito entre Portomouro (intersección coa estrada AC-453 Roxos-Portomouro) e Santa Comba (intersección coa estrada AC-400 Sigrás-Muros) da estrada provincial CP 0701 de Santiago de Compostela a Santa Comba.

Así o outorgan no lugar e data do encabezamento, subscribindo o presente acordo en exemplar triplicado.

O presidente da Axencia Galega de  
Infraestruturas

O presidente da Deputación provincial  
da Coruña

Agustín Hernández-Fernández de Rojas

Diego Calvo Pouso

#### **9.-APROBAR O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE ARTEIXO PARA FINANCIAR AS OBRAS DO CENTRO DE FORMACIÓN OCUPACIONAL EN ARTEIXO.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Arteixo para financiar as obras incluídas no proxecto de CENTRO DE FORMACIÓN OCUPACIONAL cunha achega de 400.000 euros (que supón unha porcentaxe de financiamento do 29,187%) sobre un orzamento subvencionable de 1.370.474,85 euros, que poderán aboarse con cargo á aplicación 0202/323A/762.014

Autorizar que as obras se destinen a esta finalidade de acordo coa normativa urbanística do Concello de Arteixo.”

Número /2012

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE ARTEIXO PARA O FINANCIAMENTO DA REALIZACIÓN DA OBRA DO CENTRO DE FORMACIÓN OCUPACIONAL**

A Coruña, na sede da Deputación Provincial da Coruña

Reunidos

Dunha parte, o Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Diego Calvo Pouso

E doutra parte, o Sr. Carlos Calvelo Martínez, alcalde-presidente do Concello de Arteixo

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

### M A N I F E S T A N

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Arteixo ambas as dúas partes

### A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

#### I.- OBXECTO

1- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Arteixo con CIF P- 1500500B, para o financiamento da obra do **“CENTRO DE FORMACION OCUPACIONAL”**, tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado por DON FRANCISCO JAVIER VAZQUEZ BARGE , (ARQUITECTO)

2- O Concello de Arteixo, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptiva e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos servizos técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, o Concello de Arteixo, comprométese a destinala a uso público para o que está prevista.

#### II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase do seguinte xeito:

P.E.M:	975.982,66 euros
GASTOS XERAIS	126.877,75 euros
BENEFICIO INDUSTRIAL	58.558,96 euros
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO	209.055,49 euros



PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA \_\_\_\_\_ 1.370.474,85 euros

### III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 400.000 euros, o que representa unha porcentaxe do 29,187%. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento de contrata, está financiado con cargo a recursos ( propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 29,187% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito ao seu cobro.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc). Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0202/323A/762.01, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito de abondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito de abondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese ao Concello de Arteixo de que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para a dita anualidade e a que existe nel dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.

5. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

### IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Na condición de promotor, corresponderalle ao Concello de Arteixo o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, o Concello de Arteixo axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que o Concello de Arteixo tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo

#### V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, o Concello de Arteixo estará obrigado a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

#### VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Coa posibilidade prevista na Base 56ª das de execución do Orzamento para o ano 2012, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se expedirá un primeiro pagamento a prol do Concello de Arteixo pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- \* Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- \* Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e polo funcionario técnico designado pola Deputación
- \* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- \* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- \* Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante a remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra.

2. Rematada completamente a obra, aboarase o 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- \* Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta.

\* Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.

\* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.

\* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

\* Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).

\* Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.

\* Deberá acreditar o pago efectivo a terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Arteixo na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o Concello de Arteixo terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar ter aboado a terceiros o importe xustificado do 40% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago

## VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

2. Unha vez rematadas as obras, o Concello de Arteixo deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Arteixo para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Arteixo da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

## VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O Concello de Arteixo deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante a declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

#### IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O Concello de Arteixo destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

#### X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Arteixo poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Arteixo queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 <sup>DEL.</sup> Se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 <sup>DEL.</sup>

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 <sup>DEL.</sup> Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 <sup>DEL.</sup> E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 <sup>DEL.</sup>

5. Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

## XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Arteixo serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade establecida no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xxeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Arteixo será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

## XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1.O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1 de xaneiro do presente ano, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 31 de outubro do presente ano.

2. Para o caso de que o Concello de Arteixo non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación antes do día 1 de setembro, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o Concello de Arteixo perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

#### XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da ENTIDADE BENEFICIARIA, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias dispostas na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado por \_\_\_\_\_do

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN  
PROVINCIAL DA CORUÑA

O ALCALDE-PRESIDENTE DO CON-  
CELLO DE

DIEGO CALVO POUSO

**10.-APROBAR O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DA CAPELA PARA FINANCIAR AS OBRAS INCLUÍDAS NO PROXECTO DE**

## **REPARACIÓN DE CAMIÑOS MUNICIPAIS DE MOURENTE, O SEIXO, SANDA, O LOMBO, A CORVEIRA, O MACHUCO E OUTROS.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello da Capela para financiar as obras incluídas no proxecto de reparación de camiños municipal de Mourente, O Seixo, Sanda, O Lombo, A Corveira, O Machuco e outros cunha achega de 30.000 euros (que supón unha porcentaxe de financiamento do 100,00%) sobre un orzamento subvencionable de 30.000 euros, que poderán aboarse con cargo á aplicación 0202/453D/76201.”

Número /2012

### **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DA CAPELA PARA FINANCIAR AS OBRAS INCLUÍDAS NO PROXECTO DE REPARACIÓN DOS CAMIÑOS MUNICIPAIS DE MOURENTE, O SEIXO, SANDA, O LOMBO, A CORVEIRA, O MACHUCO E OUTROS**

A Coruña, de de dous mil doce

Reunidos

Dunha parte, o Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Diego Calvo Pouso

E doutra parte, o Sr. Manuel Meizoso López, alcalde-presidente do Concello da Capela

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

**M A N I F E S T A N**

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello da CAPELA ambas as dúas partes

**A C O R D A N**

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

#### **I.- OBXECTO**

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello da CAPELA con CIF P-1501800-E, para o financiamento das obras de reparación de camiños municipais nos lugares de Mourente, O Seixo, Sande, o Lombo, A Corveira, O Machuco e outros incluídas no proxecto de reparación de camiños municipais nos lugares de Mourente, O Seixo, Sande, o Lombo, A Corveira, O Machuco e outros tal como aparece definida esta no proxecto redactado por Don Miguel Nieto Matamoros, (ARQUITECTO N.º DE COLEXIADO 16879)

2-O CONCELLO DA CAPELA, na súa condición de promotor da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptiva e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O antedito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, O Concello da Capela, comprométese a destinala a uso público para o que está prevista.

## II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase do seguinte xeito:

P. E.M.: -.....	21.364,48
GASTOS XERAIS:.....	2.777,38
BENEFICIO INDUSTRIAL.....	1.281,87
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO 18% :.....	4.576,27
PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA:.....	30.000,00

## III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 30.000,00 € o que representa unha porcentaxe do 100%

2. No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total establecido na cláusula segunda, a Deputación só alcanzará o importe que a cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito ao seu cobro.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc). Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0202/453D/76201, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito de abondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

5. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o



seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado. Minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Na condición de promotor, corresponderalle ao Concello da Capela o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.
2. No procedemento de contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.
- 3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.
- 4.- No caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo

#### V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, o Concello da Capela fará constar o financiamento provincial na documentación administrativa do expediente e na publicidade que se acorde facer da obra
2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- 1. Coa posibilidade prevista na Base 56ª das de execución do Orzamento para o ano 2012, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se expedirá un primeiro pagamento a prol da ENTIDADE BENEFICIARIA pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- i. Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- ii. Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e polo funcionario técnico designado pola Deputación
- iii. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- iv. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- v. Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra

2. Rematada completamente a obra, aboarase o 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- i. Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta
- ii. Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.
- iii. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- iv. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- v. Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- vi. Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- vii. Deberá acreditar o pago efectivo a terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar ter aboado a terceiros o importe xustificado do 40% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago

#### VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematadas as obras, o Concello da Capela deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que á presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais re-

sponsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación non eximirá ao CONCELLO DA CAPELA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

#### VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O CONCELLO DA CAPELA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante a declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

#### IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O Concello da Capela destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

#### X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello da Capela poderá ser escollido pola Intervención provincial para realizar un control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello da Capela queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o establecido na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na [Base 55.6](#) das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

5. Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

## XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONES E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello da Capela serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello da Capela será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web [dicoruna.es](http://dicoruna.es)

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

### XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1 de xaneiro do presente ano, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data, e conservará a súa vixencia ate o 31 de outubro do presente ano

2. Para o caso de que o Concello da Capela non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación antes do día 1 de setembro, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a ENTIDADE BENEFICIARIA perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

### XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da ENTIDADE BENEFICIARIA, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias establecidas na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución de Presidencia n.º do de 2012

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN  
PROVINCIAL DA CORUÑA

O ALCALDE-PRESIDENTE DO  
CONCELLO DA CAPELA

Diego Calvo Pouso

Manuel Meizoso López

**11.-APROBAR O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE AMES PARA FINANCIAR A ADQUISICIÓN DE 7 EQUIPOS INFORMÁTICOS PARA TÉCNICOS DE URBANISMO E 25 PARA OFICINAS.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a formalización e o texto do convenio de colaboración entre a Deputación provincial da Coruña e o Concello de Ames con CIF P1500200I para a subministración de 25 equipos informáticos para oficinas e 7 equipos para técnicos de urbanismo, cunha achega da Deputación que ascende á cantidade de 18.256,83 euros (o que representa unha porcentaxe de financiamento do 79,282% con respecto a un orzamento de 27.027,70 euros que serán aboados con cargo á aplicación orzamentaria 0202/942Z/76201.”

Número /2012

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE AMES PARA O FINANCIAMENTO/ ADQUISICIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE 7 EQUIPOS INFORMÁTICOS PARA TÉCNICOS DE URBANISMO E 25 PARA OFICINAS**

A Coruña, do \_\_\_\_\_do \_\_\_\_\_ na sede da Deputación Provincial da Coruña

Reunidos

Dunha parte o Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Diego Calvo Pouso

E doutra parte o Sr. Don Santiago Amor Barreiro alcalde-presidente do Concello de Ames

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

**M A N I F E S T A N**

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Ames ambas as dúas partes

## A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

### I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Ames con CIF P1500200I para o financiamento da adquisición dos bens mobles que se describen deseguido:

DENOMINACIÓN: 7 equipos informáticos destinados a técnicos de urbanismo e 25 para oficinas coas seguintes características

EQUIPOS PARA TÉCNICOS DE URBANISMO  
SISTEMA OPERATIVO ESPAÑOL WINDOWS, DE 32 BITS  
MEMORIA 4GB (1 X 4 GB) 1333 MHz DDR3F NO ECC  
TECLADO SPANISH (QWERTY) K8212 8QUIETKEY USB KEYBOARD BLACK  
MONITOR 21,5 " 55 CM. LED PANORÁMICO VGA,DVI (1920 X 1080) NEGRO EUROPEO  
TARXETA DE VIDEO DE 1GB  
UNIDADE DE DISCO DURO 250 GB 3.SINCHS SERIAL ATA III (7.200rpm) Hard Drive  
RATO ÓPTICO (NON SEN FÍO) USB CON RODA DE DESPRAZAMENTO (3 BOTÓNS DE DESPRAZAMENTO)  
DISPOSITIVOS ÓPTICOS UNIDADE DE DVD-ROM A 16X  
GARANTÍA ESTÁNDAR 1 ANO DE GARANTÍA BÁSICA,  
PAQUETES DE SERVIZOS MELLORADOS 3 ANOS E SERVIZO IN SITU AO SEGUINTE DÍA LABORABLE  
ENERGY STAR COMPATIBLE COAS OPCIONS DEENER'GIA E-SMART.  
PROCESADOR MÍNIMO INTERL CORE I3.2120 PROCESADOR (3M CACHE 3.30 GHz o similar  
RESTAURACIÓN DE IMAXE Recuperación de sistema operativo BACKUP AND RECOVERY MANAGER PARA WINDOWS".7  
APLICACIONES E SOFTWARE DE MICROSOFT MICROSOFT OFFICE STARTER 2010 INCLÚE FUNCIONALIDADE LIMITADA DE WORD E EXCEL  
OPCIONES DE RECUPERACIÓN DO S.O. WINDOWS 7 PROFESIONAL (32 BIT OS) DVD DE RECURSOS  
EQUIPOS ESTANDAR OFICINAS (25 UNIDADES)

SISTEMA OPERATIVO ESPAÑOL WINDOWS, DE 32 BITS  
MEMORIA 2 GB (1 X 2 GB) 1333 MHz DDR3 NO ECC  
TECLADO SPANISH (QWERTY) K8212 (QUIETKEY USB KEYBOARD BLACK  
MONITOR NON INCLUIDO  
UNIDADE DE DISCO DURO 250 GB 3.SINCHS SERIAL ATA III (7.200rpm)  
RATO ÓPTICO (NON SEN FÍO) USB CON RODA DE DESPRAZAMENTO (3 BOTÓNS DE DESPRAZAMENTO negro)  
DISPOSITIVOS ÓPTICOS UNIDADE DE DVD-ROM A 8x  
ALTA FALANTES DE AUDIO INTERNO  
GARANTÍA ESTÁNDAR 1 ANO DE GARANTÍA BÁSICA,  
PAQUETES DE SERVIZOS MELLORADOS 3 ANOS E SERVIZO IN SITU AO SEGUINTE DÍA LABORABLE  
OPCIONES DE RECUPERACIÓN INCLUIDA  
ENERGY STAR COMPATIBLE COAS OPCIONS DE ENERXÍA E-SMART.  
PROCESADOR MÍNIMO INTER PENTIUM E5800 (2 M,3.20 GHz, 800 MHz FSB) OU SIMILAR  
RESTAURACIÓN DE IMAXE Recuperación de sistema operativo para Windows 7

### II.- ORZAMENTO PARA A ADQUISICIÓN

Segundo o informe de valoración que achegou a ENTIDADE BENEFICIARIA, o orzamento máximo para a adquisición ascende a 23.027,70 EUROS.

### III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento de adquisición, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 18.256,83 €, o que representa unha porcentaxe de 79,282 % ( A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento de contrata, está financiado con cargo a recursos ( propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 79,282 % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito ao seu cobro.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados da subministración e instalación do ben moble.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0202/942Z/76201, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito de abondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

5. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

### IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Na condición de adquirente, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento do correspondente contrato de subministracións.

2. No procedemento de contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

### V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. No contrato e nos anuncios de licitación para a adquisición do ben moble, farase constar o importe do financiamento provincial

2. Adquirido o ben, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá rotular o ben en lugar visible de xeito que se deixe constancia da data de adquisición e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

### VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

Coa posibilidade prevista na Base 56ª das de execución do Orzamento para o ano 2012, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a



expedir un primeiro pagamento a prol da ENTIDADE BENEFICIARIA pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación do contrato de subministracións, unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- o1 Certificación do acordo de adxudicación definitiva do contrato de subministracións, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos:
  - §1 persoa adxudicataria
  - §2 importe do contrato
  - §3 e prazo de execución

- o1 Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.

- o1 Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

- o1 A ENTIDADE BENEFICIARIA estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o disposto na cláusula V.-2 de publicidade.

Formalizado en documento público o contrato, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- o1 Certificación acreditativa do pago do ben.

- o1 Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos

- o1 Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

- o1 Deberá acreditar aboarlles aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación subministrada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación

dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

#### VII.- TERMO PARA A ADQUISICIÓN E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. A adquisición do ben que é obxecto de financiamento provincial, tal como se describe na cláusula primeira, deberá estar realizada polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez realizada a adquisición, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da formalización do contrato e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

#### VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

#### IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito

ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

## X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na adquisición do moble implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 <sup>DEL.</sup> Se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 <sup>DEL.</sup>

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción establecida na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 <sup>DEL.</sup> Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 <sup>DEL.</sup> E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 <sup>DEL.</sup>

## XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Segundo o establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

## XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1 de xaneiro do presente ano, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 31 de decembro do presente ano.
2. Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter adquirido o ben e presentada a xustificación antes do día 1 de novembro, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a ENTIDADE BENEFICIARIA perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data
3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista moninativamente por acordo plenario.

## XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da ENTIDADE BENEFICIARIA, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias establecidas na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio. Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario do \_\_\_de\_\_\_\_\_de 2012

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN  
PROVINCIAL DA CORUÑA

O ALCALDE-PRESIDENTE DO  
CONCELLO DE AMES

Diego Calvo Pouso

Santiago Amor Barreiro

**12.-APROBAR O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE MESÍA PARA O FINANCIAMENTO DA POSTA EN FUNCIONAMENTO E MANTEMENTO DA AULA DA NATUREZA MUSEO ETNOGRÁFICO DAS BRAÑAS DE VALGA.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Mesía para financiar a posta en funcionamento e mantemento da aula da natureza Museo Etnográfico das Brañas de Valga cunha achega de 45.704,77 euros (que supón unha porcentaxe de financiamento do 80,00%) sobre un orzamento subvencionable de 57.130,96 euros, que poderán aboarse con cargo á aplicación 0601/333A/46201.”

Número\_\_ /2012

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE MESÍA PARA O FINANCIAMENTO DA POSTA EN FUNCIONAMENTO E MANTEMENTO DA AULA DA NATUREZA MUSEO ETNOGRÁFICO DAS BRAÑAS DE VALGA**

A Coruña, na sede da Deputación Provincial da Coruña

Reunidos

Dunha parte, o Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Diego Calvo Pouso

E doutra parte, D. Mariano Iglesias Castro, alcalde-presidente do Concello de Mesía

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

#### M A N I F E S T A N

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de MESÍA ambas as dúas partes

#### A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

#### I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o CONCELLO DE MESÍA, CIF P1504800B para o financiamento e mantemento da AULA DA NATUREZA MUSEO ETNOGRÁFICO DAS BRAÑAS DE VALGA

#### II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA

A ENTIDADE BENEFICIARIA levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE ANUAL
1. Gastos de persoal	33.630,96
2. Arrendamentos, mantemento e conservación	0
3. Material, subministracións e outros	23.500,00
TOTAL	57.130,96

#### III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 45.704,77 €, o que representa unha porcentaxe de financiamento do 80,00%. No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00%, da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos propios acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/333<sup>a</sup>/46201 na que a Intervención provincial certificou que existe crédito de abondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2. No procedemento de contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA axustara toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. No caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo

#### V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se de a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da ENTIDADE BENEFICIARIA.

#### VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1 - Coa posibilidade prevista no disposto na Base 56º das de execución do Orzamento para o ano 2012 ata o 50 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da ENTIDADE BENEFICIARIA, pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionable unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Certificación do acordo ou acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.

- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- A ENTIDADE BENEFICIARIA estará obrigada a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditarla mediante a presentación dos documentos que o acrediten.

2 - Rematada completamente a realización da actividade, procederase ao aboamento do 50 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da ENTIDADE BENEFICIARIA, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente
- Deberá acreditar o pago efectivo a os terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación subministrada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

## VII.- TERMO PARA A ADQUISICIÓN E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. A actividade que é obxecto de financiamento provincial, tal como se describe na cláusula primeira, deberá estar realizada polo menos DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez realizada a adquisición, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, UN MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6<sup>a</sup> das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se



transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento

#### VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

#### IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

#### X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

## XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONES E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e contratación da Deputación.

### XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá a vixencia ata o día 30 de novembro de 2013

2. Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación antes do día 31 de outubro, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 50 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder da data de remate da vixencia deste convenio, cando este quedará definitivamente extinguido, de xeito que a ENTIDADE BENEFICIARIA perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da unidade xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

### XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da ENTIDADE BENEFICIARIA, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias establecida na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por \_\_\_\_\_ de data \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN  
PROVINCIAL DA CORUÑA

O ALCALDE-PRESIDENTE DO  
CONCELLO DE MESÍA

Diego Calvo Pouso

Mariano Iglesias Castro

**13.-APROBAR A 4ª FASE DA ANUALIDADE 2010-2011 DO PROGRAMA DE MODERNIZACIÓN DOS MERCADOS LOCAIS DIRIXIDO AOS CONCELLOS DAS COMARCAS DO BARBANZA, MUROS-NOIA E O SAR DENTRO DO PLAN DIRECTOR DO COMERCIO.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Vistos os proxectos e demais documentación presentados polos concellos destinatarios do Programa de modernización dos mercados locais dirixido aos concellos das comarcas do Barbanza, Muros-Noia e o Sar cuxas bases reguladoras e a súa modificación foron aprobadas mediante acordo plenario do 26 de marzo do 2010 e 24 de setembro de 2010 respectivamente,

1º- Aprobar a 4ª fase da anualidade 2010-2011 do Programas de modernización dos mercados locais dirixido aos concellos das comarcas do Barbanza, Muros-Noia e o Sar cuxas cifras globais de financiamento se indican a continuación:

Financiamentos 4ª fase anualidade 2010-2011 (Concello de Rois)	ANO 2010	ANO 2011	Total 4ª fase anualidade 2010-2011
Achega municipal	3% incremento tipo de gravame IVE (do 18% ao 21%)	3% incremento tipo de gravame IVE (do 18% ao 21%)	3% incremento tipo de gravame IVE (do 18% ao 21%)
Achega Deputación	21.497,00	36.249,00	57.746,99
<b>Total</b>	21.497,00	36.249,99	57.746,99

\*Os concello de Rois deberán asumir a diferenza do 3% do incremento no tipo de gravame do IVE, posto que o financiamento máximo por parte da Deputación para o exercicio 2012 é de 36.250,00€, do “Programa de modernización dos mercados locais dirixido aos concellos das comarcas do Barbanza, Muros-Noia e O Sar” co obxecto de non superar a cantidade establecida nas bases para cada anualidade.

2º.- Aprobar a relación de actuacións de investimento que a continuación se relacionan:

Concello	Descrición do proxecto	Presuposto	Achega municipal anualidade 2010/2011	Achega provincial ano 2010	Achega provincial ano 2011	Total achega Deputación
Rois	“Modernización do mercado local no Concello de Rois”	57.746,99 €	3% incremento tipo de gravame IVE (do 18% ao 21%)	21.497,00	36.249,99 €	57.746,99

<b>TOTAL</b>			<b>57.746,99</b>
--------------	--	--	------------------

3º A achega provincial da presente proposta, por importe de 57.746,99 € poderase imputar aos seguinte datos contables:

P. Presupostaria	Anualidade	Fase	Importe	Nº operación
0305/431B/76201	2010	A	21.497,00	220120013756
0305/431B/76201	2011	A	36.249,99	220109001141
<b>TOTAL</b>			<b>57.746,99</b>	

A achega da Deputación para a 4ª fase da anualidade 2010-2011 ascende a **57.746,99 €**.

4º.- A contratación e execución da obra queda establecida nos seguintes prazos: o prazo para xustificar a contratación ante a Deputación é o do 30 de novembro de 2013. O prazo para xustificar a execución do investimento será dun ano contado desde a adxudicación da obra.

5º.- O presente acordo queda condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos presupostos da Corporación para o 2013.

6º Dispoñer para exposición pública a 4ª fase da anualidade 2010-2011 do Programa mediante a publicación dun anuncio no BOP para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse alegacións oportunas, podéndose proseguir as actuacións despois de que transcorra o dito prazo sen que se presentara ningunha alegación.

7º.- Facultar ao presidente para canto proceda en orde á xestión do presente acordo".

**14.-APROBAR A 3ª FASE DA ANUALIDADE 2012 DO PROGRAMA DE MODERNIZACIÓN DOS MERCADOS LOCAIS DIRIXIDO AOS CONCELLOS DAS COMARCAS DO BARBANZA, MUROS-NOIA E O SAR DENTRO DO PLAN DIRECTOR DE COMERCIO.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Vistos os proxectos e demais documentación presentados polos concellos destinatarios do Programa de modernización dos mercados locais dirixido aos concellos das comarcas do Barbanza, Muros-Noia e O Sar cuxas bases reguladoras e a súa modificación foron aprobadas mediante acordo plenario do 26 de marzo do 2010 e 24 de setembro de 2010 respectivamente,

1º- Aprobar a 3ª fase da anualidade 2012 dos Programas de modernización dos mercados locais dirixido aos concellos das comarcas do Barbanza, Muros-Noia e O Sar cuxas cifras globais de financiamento se indican a continuación:

3ª fase anualidade 2012	TOTAL 3ª fase anualidade 2012
Achega municipal*	<b>3% incremento tipo de gravame IVE (do 18% ao 21%) €</b>
Achega Deputación	36.250,00 €
<b>Total</b>	<b>36.250,00 €</b>

\*Os concellos deberán asumir a diferenza do 3% do incremento no tipo de gravame do IVE, posto que o financiamento máximo por parte da Deputación para o exercicio 2012 é de 36.250,00 € no “Programa de modernización dos mercados locais dirixido aos concello das comarcas do Barbanza, Muros-Noia e O Sar” co obxecto de non superar a cantidade establecida nas bases para cada anualidade.

2º.- Aprobar a relación de actuacións de investimento que a continuación se relacionan:

CONCELLO	DESCRIPCIÓN DO PROXECTO	Presuposto	Achega municipal	Achega provincial	Presuposto total 2012
A Pobra do Caramiñal	“Melloras de salubridade e outros” no mercado municipal”	36.250,00 €	3% incremento tipo de gravame IVE (do 18% ao 21%)	36.250,00 €	36.250,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>36.250,00 €</b>				

3º A achega provincial da presente proposta, por importe de 36.250,00 € poderase imputar aos seguinte datos contables:

Presupostaria	Anualidade	Fase	Importe	Nº operación
0305/431B/76201	2012	A	36.250,00	220119000914
<b>TOTAL</b>				<b>36.250,00€</b>

A achega da Deputación para a 3ª fase da anualidade 2012 ascende a **36.250,00 €**.

4º.- A contratación e execución das obras (anualidade 2012) segundo o aprobado polo acordo plenario do 27/04/2012 establece que os prazos para xustificar a contratación das obras será de seis meses contados desde a aprobación polo Pleno da Deputación da incorporación da obra ao programa. O prazo para xustificar a execución do investimento será dun ano contado desde a adxudicación da obra.

5º.- O presente acordo queda condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no presuposto da corporación para o 2013.

6º.- Dispoñer para exposición pública a 3ª fase da anualidade 2012 do Programa mediante a publicación dun anuncio no BOP para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións oportunas, podéndose proseguir as actuacións despois de que transcorra o dito prazo sen que se presente ningunha alegación.

7º.- Facultar á Presidencia para canto proceda en orde á xestión do presente acordo".

### **15.-APROBAR A 6ª FASE DA ANUALIDADE 2012 DO PROXECTO MANDEO COFINANCIADO CON FONDOS FEDER.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Vistas as actuacións que a continuación se indican, que desenvolven o contido do Proxecto reformulado denominado "Mandeo. Posta en valor das conchas fluviais 1ª fase: Río Mandeo", financiado cunha axuda do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) con cargo á convocatoria 2007, que afecta ao período 2007-2010, de axudas FEDER para cofinanciar proxectos de desenvolvemento local e urbano durante o período de intervención 2007-2013

1º.- Aprobar a sexta fase da anualidade 2012 do Proxecto Mandeo na que se inclúen as actuacións que a continuación se indican, que serán contratadas por esta Deputación:

<b>CÓDIGO</b>	<b>DENOMINACIÓN</b>	<b>21 % IVE</b>
		<b>Total</b>
12.2800.0078.0	Subm material laboratorio C. Etnográfico Curtis Pr.Mandeo	70% Feder
		30% Deputac
		<b>36.082,20</b>
12.2800.0079.0	Musealización Chelo e Curtis Pr. Mandeo	15.463,80
		503.893,22
		<b>719.847,46</b>
11.2800.0056.4	Coord seg-saúde Centro Chelo Pr. Mandeo	215.954,24
		5.571,09
		<b>7.958,70</b>
	<b>T O T A L 6ª fase anualidade 2012</b>	2.387,61
		545.546,51
		<b>779.352,16</b>

2º.- O financiamento destas actuacións realizarase con cargo á partida 0501/172D/650 do orzamento provincial para o exercicio 2012.

3º.- Dispor a exposición pública mediante a publicación dun anuncio no BOP para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

4º.- Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecida na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.”

**16.-APROBAR A MODIFICACIÓN DO PROXECTO DA OBRA “ACONDICIONAMENTO E PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO DE FENE: SIXTO MAURIZ E OUTROS” DO CONCELLO DE FENE, INCLUÍDA NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL E DA REDE VIARIA LOCAL (POS-RVL) 2008. CÓDIGO: 08.2100.0129.0.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a modificación do proxecto da obra "Acondicionamento e pavimentación camiño Fene: Sixto Mauriz e outros” do Concello de Fene, incluída no POS 2008 co código: 08.2100.0129.0, cun orzamento de contrata de 149.198,61 € co 16% de IVE, e o mesmo importe de 149.198,61 €, calculado co 18% de IVE. A modificación do proxecto non supón cambio da finalidade ou obxecto da obra, pero si implica unha variación no trazado aprobado inicialmente, e un cambio no orzamento e nas partidas internas do presuposto do proxecto superior a un 30%.

08.2100.0129.0 <i>Acondicionamento e pavimentación camiño Fene: Sixto Mauriz e outros” (Fene)</i>			
<b>Axentes cofinanciadores</b>	<b>Financiamento IVE 16%</b>	<b>Financiamento IVE 18%</b>	<b>Diferenza</b>
Deputación f.p.	138.008,48	138.008,48	0,00
Concello	11.190,13	11.190,13	0,00
TOTAL	149.198,61	149.198,61	0,00”

**17.-APROBAR O SEGUNDO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “SANEAMENTO NAS TRAVESAS” DO CONCELLO DE MONFERO, INCLUÍDA NO PLAN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS (PCC) 2008. CÓDIGO 08.3300.0032.0.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o segundo reformado do proxecto da obra "Saneamento nas Travesas”, do Concello de Monfero incluída no Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008/2011, anualidade 2008, co código: 08.3300.0032.0, que aínda que non supón modificación do seu presuposto total nin cambio da finalidade da obra, si implica alteración do trazado



inicial previsto no proxecto orixinal e modificación por importe superior ao 30 % nunha das partidas do orzamento.

<b>Código</b>	<b>Concello</b>	<b>Denominación</b>		<b>Pres.contrata 16%IVE</b>	<b>Pres.adjud. 18%IVE</b>
08.3300.0032.0	Monfero	Saneamento nas Travesas	Deputación	236.657,34	187.521,95
			Concello	12.455,65	0,00
			Total	249.112,99	187.521,95"

**18.- APROBAR O PROXECTO REFORMADO DA OBRA “CONSTRUCCIÓN DE VIAL PÚBLICO E SANEAMENTO NO LUGAR DE VINSEIRA GRANDE” DO CONCELLO DE CULLEREDO, INCLUÍDA NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS POS/2009. CÓDIGO: 2009.2100.0097.0**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o proxecto reformado da obra "Construcción de vial público e saneamento no lugar de Vinseira Grande”, do Concello de Culleredo, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos POS/2009. Código: 2009.2100.0097.0, cun orzamento de contrata de 205.785,97 €, que aínda que non supón modificación do seu presuposto total nin cambio da finalidade da obra, nin implica alteración do trazado inicial previsto no proxecto orixinal, si hai unha variación superior ao 30 % nas partidas internas do seu orzamento.

			<b>FINANCIAMENTO CO 18% IVE</b>		
<b>Código</b>	<b>Concello</b>	<b>Denominación</b>	<b>Deputación F.propios</b>	<b>Concello.</b>	<b>Orzamento Total</b>
09.2100.0097.0	Culleredo	Vial pub. e saneamento en Vinseira Grande	154.047,93	51.738,04	205.785,97"

**19.- APROBAR O PROXECTO REFORMADO DA OBRA “AMPLIACIÓN E ABASTECIMENTO AO POLÍGONO INDUSTRIAL DAS SOMOZAS” DO CONCELLO DAS SOMOZAS, INCLUÍDA NO PLAN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS (PCC) 2008/2011. ANUALIDADE 2011. CÓDIGO 11.3300.0253.0.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o proxecto reformado da obra "Ampliación e abastecemento do Polígono Industrial das Somozas”, do Concello das Somozas, incluída no Plan de cooperación cos concellos (PCC 2008/2011) anualidade 2011 co código 11.3300.0253.0, cun orzamento de contrata e adjudicación de 204.057,19 €, que aínda que non supón unha alteración substancial do contido do proxecto, nin unha variación da finalidade ou do

obxecto da obra, nin no seu importe total si hai unha variación superior ao 30% nas partidas internas do orzamento.

Código	Concello	Denominación	FINANCIAMENTO		
			Deputación E. propios	Concello.	Orzamento Total
11.3300.0253.0	As Somozas	Ampl. Abast. Polígono Industrial As Somozas	187.880,24	16.176,95	204.057,19"

**20.-CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ONGD “ENXEÑERÍA SEN FRONTEIRAS GALICIA”, PARA O FINANCIAMENTO DO PROXECTO “PROMOCIÓN DA PRODUCCIÓN SUSTENTABLE E USO RACIONAL DOS RECURSOS NATURAIS, A TRAVÉS DA IMPLEMENTACIÓN DE 100 SISTEMAS DE REGO NA MICROCONCA DA QUEBRADA GALLARDO, DO CONCELLO DE NAMASIGÜE, HONDURAS”.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o seguinte convenio:

**“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ONGD “ENXEÑERÍA SEN FRONTEIRAS GALICIA”, PARA O FINANCIAMENTO DO PROXECTO “PROMOCIÓN DA PRODUCCIÓN SUSTENTABLE E USO RACIONAL DOS RECURSOS NATURAIS, A TRAVÉS DA IMPLEMENTACIÓN DE 100 SISTEMAS DE REGO NA MICROCUNCA DA QUEBRADA GALLARDO, DO MUNICIPIO DE NAMASIGÜE, HONDURAS”**

A Coruña, ..... de ..... de dous mil doce

**REUNIDOS**

Dunha parte, D. Diego Calvo Pouso, que intervéen neste acto en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña, actuando na súa calidade de presidente e conforme ás competencias que ten atribuídas.

Doutra, Dna. Sandra García García, DNI núm. 76.820.595-C, que intervéen neste acto en nome e representación da ONGD “Enxeñería sen Fronteiras Galicia”, CIF G-36774271, con domicilio social na ETS Camiños, Canles e Portos, Campus de Elviña, s/n - CP 15071 A Coruña, na súa calidade de presidenta da entidade e conforme ás competencias que lle atribúen os seus estatutos.

Ambos os dous comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración, e

## **EXPOÑEN**

Enxeñería sen Fronteiras Galicia é unha organización non governamental para o desenvolvemento, inscrita no Rexistro Nacional de Asociacións co número 126449, dende o 2003, e no Rexistro Galego de Organizacións non Governamentais de Axuda ao Desenvolvemento, co código SGPA 95/10-ONGD-029, dende 1995.

O 5.06.2012, a ONGD “Enxeñería sen Fronteiras Galicia” presenta unha solicitude de colaboración para cofinanciamento do proxecto “Promoción da produción sustentable e uso racional dos recursos naturais, a través da implementación de 100 sistemas de rego na Microcunca da Quebrada Gallardo, do Municipio de Namasigüe, Honduras”, cuxo orzamento estimado de gastos ascende a un equivalente de 29.445,17 €.

O proxecto afecta a un dos países cun nivel de desenvolvemento humano máis baixo do planeta (IDH/2011: 121, sobre 187), cuxo ámbito xeográfico está entre os que o “Plan director da cooperación española 2009 - 2012” e o “Plan director da cooperación galega 2010 – 2013” cualifican como prioritarios. Por outra banda, ao incidir no eido da soberanía alimentaria, as actuacións teñen cabida nas prioridades horizontais e transversais de ambos os dous documentos de planificación.

A Deputación da Coruña participa neste proxecto no marco das competencias que a lexislación lle atribúe, tanto en orde ao fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, regulados na normativa local de aplicación, como en orde á cooperación internacional ao desenvolvemento, establecida na Lei 23/1998, de cooperación internacional ao desenvolvemento, e na Lei (galega) 3/2003, de cooperación ao desenvolvemento.

Pola citada razón, na sesión ordinaria do Pleno Corporativo de ...../...../2012, a Deputación aprobou a concesión dunha subvención nominativa a favor da ONG “Enxeñería sen Fronteiras Galicia”, por importe de 18.340,76 euros, para o financiamento do citado proxecto.

Na súa virtude, ambas as dúas partes manifestan a súa vontade de colaboración, nos termos do presente convenio e con suxeición ás seguintes

## **CLÁUSULAS**

### **I. OBXECTO DO CONVENIO**

1. O convenio ten por obxecto establecer as bases da colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a ONGD “Enxeñería sen Fronteiras Galicia”, para o cofinanciamento da execución do proxecto “Promoción da produción sustentable e uso racional dos recursos naturais, a través da implementación de 100 sistemas de rego na microcunca da Quebrada Gallardo, do Municipio de Namasigüe, Honduras”. O proxecto

forma parte dun programa máis amplo, que ten como obxectivo o fortalecemento da soberanía alimentaria e do uso racional dos recursos naturais no sur de Honduras (neste caso, diríxese a 10 comunidades da microcunca da Quebrada Gallardo, antes citada), mediante o fortalecemento e a diversificación dos sistemas de produción familiar sostibles, con énfase no uso racional dos recursos naturais.

2. A intervención consiste, por unha banda, no deseño e instalación do sistema de rego por goteo, por fonte natural e colleita de auga, para 100 familias participantes (que son as directamente beneficiarias), que implica a determinación da cantidade de materiais e accesorios necesarios para cada sistema, a súa localización en cada parcela de familia beneficiaria e posterior instalación a través de promotores comunitarios previamente capacitados por un coordinador técnico no terreo. O proxecto inclúe, ademais, a realización de diversas accións formativas necesarias de capacitación sobre a instalación e mantemento dos sistemas, dirixidas ás familias beneficiarias, ás que se lle dotará do material didáctico correspondente.

3. A execución do proxecto no terreo estará a cargo dunha contraparte ou socio local, o “Comité para la Defensa y Desarrollo de la Flora y Fauna del Golfo de Fonseca” (CODDEFFALGOLF, en adiante), entidade local sen ánimo de lucro, con raíces comunitarias e experiencia contrastada en sensibilización ambiental e incidencia política, sen prexuízo do cal, en virtude do convenio que se propón, lle corresponde á ONGD Enxeñería sen Fronteiras Galicia a realización das actuacións necesarias para asegurar a coordinación, control, asesoramento técnico, seguimento e verificación da execución do proxecto, así como a acreditación documental perante a Deputación da Coruña da súa execución e a transferencia á contraparte das achegas económicas correspondentes.

## II. ORZAMENTO

O orzamento de execución, segundo se indica no documento de formulación do proxecto, ascende a 29.445,17 €, e se resume nas seguintes partidas:

Concepto	Importe
Bens consumibles (alimentación e papelería 10 talleres capacitación)	590,12 €
Construcións (materiais e man de obra non cualificada)	23.540,05 €
Funcionamento (gastos funxibles da contraparte)	455,00 €
Persoal expatriado	2.500,00 €
Persoal local	800,00 €
Persoal en sede	1.000,00 €
Gastos de transporte e dietas	560,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>29.445,17 €</b>

## III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS

1. A Deputación comprométese a colaborar no financiamento do proxecto cunha achega máxima de 18.340,76 euros, o que equivale a un 62,29 % de coeficiente de financiamento. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a outros recursos, propios e alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade

2. No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 62,29 % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75,00 % do orzamento establecido na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito á súa percepción.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licencias, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial poderá facerse efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0103/232B/781, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito de abondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

5. Esta subvención é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto coa subvención provincial, non supere en ningún caso o custe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

1. Na condición de promotor, corresponderalle á entidade beneficiaria ou á súa contraparte ou socio local, “Comité para la Defensa y Desarrollo de la Flora y Fauna del Golfo de Fonseca” (CODDEFFALGOLF, en adiante), o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. Se o custe das obras supera os 30.000,00 €, con carácter previo á contratación, a entidade beneficiaria ou á súa contraparte ou socio local, deberán solicitar, polo menos, tres orzamentos a distintos construtores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

#### **V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das obras e actividades, sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

#### **VI. XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A SUBVENCIÓN**

1. A achega da Deputación seralle aboada á entidade beneficiaria nos termos que se indican a continuación:

1.1. **Primeiro prazo.**- A entidade beneficiaria poderá solicitar o aboamento dun primeiro prazo, co carácter de anticipo prepagable, por importe equivalente ao 40% da achega concedida (7.336,30 €), unha vez asinado o convenio e sen necesidade de presentación de fianza ou garantía (Bases 48ª e 56ª das de execución do presuposto provincial para 2012, en relación coa Disposición adicional 10ª da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e 2ª da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia), tendo en conta as seguintes previsións:

1.1.1. Non será posible expedir un pagamento anticipado se a entidade beneficiaria ten pendente de xustificación unha cantidade anticipada con anterioridade para a mesma finalidade ou para outras finalidades e, tendo finalizado o prazo previsto, non se presentara a xustificación correspondente.

1.1.2. Xunto coa solicitude do pagamento anticipado, a entidade beneficiaria deberá acreditar o seguinte:

1.1.2.1. A apertura dunha conta bancaria co título “Fondos para a construción de 100 sistemas de rego na Microcunca Quebrada Gallardo, do Municipio de Namasigüe, Honduras”, con cargo á que deberán efectuarse todos os cobros e pagos que correspondan á actividade subvencionada. Un extracto dos movementos da conta deberá remitirse á Deputación Provincial xunto coa xustificación documental da aplicación dos fondos provinciais á finalidade prevista.

1.1.2.2. O cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

1.1.2.3. Compromiso de colaboración da contraparte local, en virtude do cal esta se compromete coa beneficiaria a colaborar na execución do proxecto, nos termos do presente convenio.

1.2. **Segundo prazo.**- Por importe restante da achega concedida, para o que a beneficiaria deberá completar a execución do proxecto e presentar a seguinte documentación xustificativa:

1.2.1. Informe de execución final, subscrito polo representante legal da entidade beneficiaria, xustificativo do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos. A este informe acompañarase unha reportaxe fotográfica das actividades e obras realizadas.

1.2.2. Actas de recepción dos equipamentos e instalacións por parte das familias beneficiarias, conformadas pola contraparte ou socio local e pola ONGD Enxeñaría sen Fronteiras Galicia, así como compromiso de dedicar as infraestruturas recibidas á finalidade para a que foron realizadas durante dez anos máis, polo menos.

1.2.3. Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF (ou similar), os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.

1.2.4. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsada deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixo constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

1.2.5. Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

1.2.6. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o establecido na cláusula oitava.

1.2.7. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

1.2.8. Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

2. Para os efectos de cuantificar o gasto subvencionable xustificado en moeda distinta ao euro, o Servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea determinará o contravalor tendo en conta os sistemas contablemente admitidos. Todos os pagamentos que realice a Deputación serán en moeda euro.

## **VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN**

1. As actividades obxecto de financiamento provincial deberán estar rematadas antes do 30.07.2013, é dicir, TRES MESES antes da finalización do período de vixencia do presente convenio, establecido na cláusula XIII.

2. Unha vez rematadas as actividades, a entidade beneficiaria deberá presentar a xustificación final á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo DUN MES, contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula XIII.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación presentada. Se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos

compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

## **VIII. ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E SOCIAIS**

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

## **IX. DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS**

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a entidade beneficiaria deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

## **X. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO**

1. Conforme co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser seleccionada pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que impón o presente convenio de colaboración.



2. Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, se é o caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iníciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), con audiencia do interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, coa aplicación do cadro de sancións dispostas nas normas citadas na Base 54<sup>a</sup> das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 54.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades implicará unha sanción dun 10% do importe da subvención, co límite de 75,00 €; se o atraso excede de tres meses a sanción será dun 20%, co límite de 150,00 €.

4. Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no seu grao mínimo e será do 10% do importe da subvención concedida, co límite de 75,00 €, se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 %, co límite de 400,00 €, e se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30%, co límite de 900,00 €.

## **XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA**

1. En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral da

Administración do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no citado precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria publicárase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web [www.dicoruna.es](http://www.dicoruna.es).

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación Provincial da Coruña.

### **XIII. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1. O presente convenio producirá efectos dende a súa sinatura, e conservará a súa vixencia ata o 31.10.2013

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida presentar a xustificación das actividades realizadas antes do 31.08.2013, deberá solicitar, antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31.12.2013. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao seu cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data

3. Tamén, por acordo expreso da dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

### **XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE**

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da entidade beneficiaria, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo do .... de ..... do 2012.

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O presidente da Deputación da En representación da ONGD Enxeñaría sen  
Coruña Fronteiras Galicia

D. Diego Calvo Pouso

Dna. Sandra García García”

**21.-ACEPTAR A AMPLIACIÓN DAS DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE CARIÑO EN MATERIA DE XESTIÓN, INSPECCIÓN E RECADACIÓN DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA E APROVEITAMENTO ESPECIAL CONSTITUÍDOS NO SOLO, SUBSOLO OU VOO DAS VÍAS PÚBLICAS.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a ampliación das competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Cariño en relación coa seguinte materia:

- Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa pola utilización privativa e aproveitamento especial constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración de interese xeral. A xestión obxecto de delegación, afectará tanto ao suposto xeral do artigo 24 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, baseado no 1,5% dos ingresos brutos obtidos no termo municipal, como ao suposto especial da telefonía móbil.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín

Oficial da Provincia conforme co establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.”

**22.-ACEPTAR A AMPLIACIÓN DAS DELEGACIÓNS DE COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE CULLEREDO EN MATERIA DE XESTIÓN, INSPECCIÓN E RECADACIÓN DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA E APROVEITAMENTOS ESPECIAIS CONSTITUÍDOS NO SOLO, SUBSOLO OU VOO DAS VÍAS PÚBLICAS.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a ampliación das competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Culleredo en relación coa seguinte materia:

- Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas, a favor de empresas explotadoras de servizos de subministracións de interese xeral. A xestión obxecto de delegación, afectará tanto ao suposto xeral do artigo 24 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, baseado no 1,5% dos ingresos brutos obtidos no termo municipal, como ao suposto especial da telefonía móbil.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme co establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.”

**23.-INFORME CORRESPONDENTE AO SEGUNDO TRIMESTRE DO 2012 DO CUMPRIMENTO POLA FUNDACIÓN AXENCIA ENERXÉTICA PROVINCIAL DA CORUÑA (FAEPAC) DO ARTIGO CATRO DA LEI 15/2010, DO 5 DE XULLO, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004, DO 29 DE DECEMBRO, DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE DAS OPERACIÓNS COMERCIAIS.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Primeiro: Tomar coñecemento do informe emitido polo auditor interno da FAEPAC no cumprimento do artigo 4 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, de loita contra a morosidade das operacións comerciais e na aplicación do principio da transparencia. Xa que a FAEPAC está pendente da súa reclasificación polo Ministerio de Facenda como unidade dependente da Comunidade

Autónoma, polo que nestes intres haberá que continuar dándolle coñecemento deste informe á Deputación da Coruña.

Segundo: Que a Fundación esta a publicar o informe na súa páxina de internet, dentro do seu apartado de información económica e contable para dar cumprimento do principio da transparencia.

Terceiro: Que se fixo a súa presentación telemática, cunha sinatura electrónica, na oficina virtual da Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Comunidades autónomas e coas entidades locais do Ministerio de Economía e Facenda.

Cuarto: Que de acordo co disposto nos artigos 17 e 20 dos Estatutos da FAEPAC, o seu presidente dará coñecemento deste informe ao Padroado na vindeira sesión que celebre se é anterior á da aprobación das contas anuais. Xa que a disposición adicional terceira da Lei 15/2010 establece que as Sociedades terán que publicar dun xeito expreso as informacións sobre prazos de pagos aos seus provedores na memoria das contas anuais. Esta previsión legal desenvolveraa o Instituto de Contabilidade e auditoría de contas (ICAC) mediante unha Resolución do 29 de decembro do 2010 (BOE número 318, do 31 de decembro) e na contestación dunha Consulta publicada no BOICAC número 84/2010.”

## **24.-CONTA DA XESTIÓN RECADATORIA RELATIVA AOS RECURSOS PROPIOS DO EXERCICIO 2011.**

### INTERVENCIONS

Sr. Freire Abeijón

Ao fin deste punto, simplemente facer referencia a que nos atopamos nunha situación de moderado optimismo, dado que, tras valorar esta xestión recadatoria de recursos propios apréciase, xunto con outros parámetros analizados, que a Deputación da Coruña está na menor situación de débeda da súa historia recente, tanto en termos absolutos como porcentuais, e posiblemente esa situación vaia incluso mellorando a nivel de redución de débeda ao longo dos próximos meses. Nun momento dunha situación económica crítica, cremos que é unha boa noticia estes resultados.

### ACORDO

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión

“Aprobar os estados demostrativos da Conta da Xestión Recadatoria relativa aos Recursos Propios correspondentes ao exercicio 2011.”

## ACTUACIÓN DE CONTROL MOCIÓN

Sr. Presidente

Foron presentadas dúas mocións de urxencia e, por tanto, temos que votar en primeiro lugar a aceptación da urxencia das devanditas mocións que versan sobre réxime interior, dous compañeiros que solicitan a baixa deste Grupo Provincial porque van desempeñar outras funcións. Votamos conxunta a urxencia destas dúas mocións.

Sr. Fernández Moreda

Pídlle que nos explique en que consisten, porque eu acabo de recibilo, creo que os meus compañeiros tamén.

Sr. Presidente

De acordo, como lle dicía, agora pasamos a debater as mocións se queren e terán unha quenda de intervención, son dúas mocións onde dous deputados, dous compañeiros nosos do Grupo Popular, presentan a renuncia á súa acta de deputado provincial posto que van desempeñar outro tipo de funcións, por iso son de urxencia, e por iso preséntanse agora e primeiro debatemos a urxencia, se se aproba, supoño que non haberá ningún problema porque é un tema interno, pero para que vostedes o saiban, en primeiro lugar votamos a urxencia e despois entramos no debate propio da moción, onde espero que os dous deputados tamén interveñan.

Vótase a urxencia das mocións e é aprobada por unanimidade.

Sr. Presidente

Pasamos a debater as dúas mocións que eu lles rogaría, a primeira delas sobre a renuncia do noso portavoz Sr. Freire Abeijón, que lle rogaría que interveña o portavoz.

Sr. Freire Abeijón

O acordo desta moción sería tomar coñecemento da renuncia presentada ao seu cargo polo deputado provincial Santiago Freire Abeijón, como consecuencia do punto anterior, declarar a vacante de deputado provincial e como terceiro punto, pór en coñecemento da Administración electoral a vacante existente para os efectos da substitución establecida no artigo 208 da Lei 5/1995 do 19 de xuño do réxime electoral xeral.

Quería, se me permite o Sr. Presidente, expresar que presento esta renuncia como novos retos marcados na miña actividade política, na actividade política dun humilde veterinario, inspector de saúde pública, que fai algo máis de nove anos presentouse a unhas eleccións municipais e conseguiu gañalas e ser alcalde. Dicur que foi un pracer traballar á beira de todos vostedes, tanto os compañeiros do Grupo de goberno como os dos dous grupos da oposición, marchou de aquí coa impresión satisfactoria de traballar nunhas condicións de consenso, de cordialidade, e quero tamén aproveitar para agradecer aos representantes dos demais grupos ese clima de consenso co que tiveron oportunidade de compartir determinadas experiencias con eles ao longo deste último ano.

Agradecer, como non, esta oportunidade ao presidente que sabe que lle teño o máximo afecto e aprecio e cariño, é unha experiencia breve pero intensa, para min foi unha aprendizaxe formidable. Como dicía transmitirille a todos vostedes o meu aprecio, tamén ao persoal desta casa, que nos ilustrou con moitas das súas explicacións, e nada máis, estou á vosa disposición e espero seguir asistindo, de cando en vez, a algunha destas sesións porque, desde logo, é unha aprendizaxe moi intensa, e si me marchou coa satisfacción de comprobar a utilidade desta institución que creo que realmente está a facer un bo labor para os concellos da provincia. Moitas grazas.

(Aplausos)

#### Sr. Regueira Varela

Simplemente desexarlle a maior das sortes ao Sr. Freire na súa vida persoal, non tanto na súa vida política, faltaría máis, e entenderá por que, pero si destacar que o pracer foi mutuo, sempre atopamos nel unha persoa accesible ao diálogo e ao consenso e, por tanto, iso é de valorar por parte da nosa forza política. Por tanto, moita sorte nos seus novos retos, e se pode ser nos políticos non tanta.

#### Sr. Fernández Moreda

Simplemente para dicir que o Grupo Socialista vai votar favorablemente, como non podía ser doutra forma, ás dúas mocións, xa non só por un elemento fundamental de cortesía. Aproveitar tamén para agradecerlles o traballo que fixeron, tanto a vicepresidenta, Sra. Faraldo como ao portavoz Santiago Freire, e agradecer especialmente ao portavoz, Santiago Freire, a súa capacidade de diálogo e a súa capacidade para escoitar, sempre que requirimos del, sempre estivo ao teléfono, ás veces resolveu, e ás veces non resolveu, pero tamén é normal, pero atendeunos. E desexarlles o mellor dos éxitos nesta travesía nova que van iniciar, indubidablemente comparto a opinión do Sr. Regueira, que lle desexamos os mellores éxitos, pero na oposición. Así que grazas polo traballo e moitas grazas pola amizade durante este ano e medio.

Procédese a votar e apróbase por unanimidade a seguinte moción:

## “MOCIÓN DA PRESIDENCIA

### SOBRE RENUNCIA AO CARGO DE DEPUTADO PROVINCIAL DE DON JOSÉ SANTIAGO FREIRE ABEIJÓN.

- 1.-Tomar coñecemento da renuncia presentada ao seu cargo polo deputado provincial don José Santiago Freire Abeijón.
- 2.-Como consecuencia do punto anterior, declarar a vacante de deputado provincial.
- 3.-Pór en coñecemento da administración electoral a vacante existente, para os efectos da substitución establecida no artigo 208 da Lei 5/1985, de 19 de xuño, do réxime electoral xeral.”.

(Entra no salón o Sr. Amor Barreiro).

#### Sra. Faraldo Botana

Tomar coñecemento da renuncia presentada ao seu cargo pola deputada provincial, Dona María Dolores Faraldo Botana, como consecuencia do punto anterior, declarar a vacante de deputada provincial, en terceiro lugar pór en coñecemento da Administración electoral da vacante existente para os efectos da substitución establecida no artigo 208 da Lei 5/1985 do 19 de xuño, do réxime electoral.

Eu na mesma liña do meu compañeiro quero agradecer a todos os meus compañeiros, á oposición e aos funcionarios desta casa o que aprendín neste ano. Foi un ano tremendamente frutífero en aprendizaxe para min, aprendín dos outros deputados, tanto do Grupo como dos da oposición, e aprendín tamén, e moito, dos funcionarios da Deputación da Coruña. Dos meus compañeiros esperábao, quizais dos compañeiros da Deputación, para min os funcionarios eran os máis descoñecidos e voume cun tremendo e moi grato recordo deste ano, do trato diario que puideron manter e do que me ensinaron os funcionarios desta casa. Iso vai facer que a miña valoración da Deputación da Coruña, que xa era boa cando cheguei aquí, agora con maior coñecemento de causa, é moito mellor. Eu creo que entrei defendendo a necesidade das deputacións e este ano non fixo máis que reforzarme nesa idea de defensa das deputacións polo labor que puideron comprobar día a día que aquí se fai.

Por tanto, moitas grazas a todos, e moitas grazas tamén ao presidente por darme a posibilidade de ser vicepresidenta primeira da Deputación da Coruña, que para min será un orgullo ter esa recensión no meu currículo. Moitas grazas a todos.

(Aplausos).

Procédese a votar e apróbase por unanimidade a seguinte moción:



## “MOCIÓN DA PRESIDENCIA

### SOBRE RENUNCIA AO CARGO DE DEPUTADA PROVINCIAL DE DONA MARÍA DOLORES FARALDO BOTANA

- 1.-Tomar coñecemento da renuncia presentada ao seu cargo pola deputada provincial dona María Dolores Faraldo Botana.
- 2.-Como consecuencia do punto anterior, declarar a vacante de deputado provincial.
- 3.-Pór en coñecemento da administración electoral a vacante existente, para os efectos da substitución establecida no artigo 208 da Lei 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral.”.

#### Sr. Presidente

Antes de entrar en rogos e preguntas, por se os hai, si me gustaría darlles as grazas aos dous deputados que nos deixan agora, tanto ao noso portavoz como á nosa vicepresidenta primeira, primeiro polo traballo que estiveron a desenvolver aquí durante todo este tempo, é certo que o noso portavoz era o encargado de tentar solucionar todos os problemas que había cos grupos da oposición, que como ben dicía o portavoz do Grupo Socialista, ás veces conseguíanse solucionar e outras veces non, pero si que demostrou moita paciencia por aturarme a min, fundamentalmente, xa non digo á oposición, e sobre todo un bo facer, co cal llo agradezo, e seguro que ese bo facer vaino a aplicar tamén nos seguintes traballos que poida desempeñar.

E á vicepresidenta, especialmente por levar este cargo tan ben como levou durante este ano, por todo o traballo, porque sei da dedicación e das horas de traballo que isto supuña, e espero e desexo de corazón que os maiores éxitos, a diferenza dos outros, no político primeiro, e sobre todo tamén no persoal, vos poidan acompañar durante os próximos anos e o resto da vosa vida. Moitas grazas polo traballo desenvolvido e moitas grazas por ser tan bos compañeiros como fostes durante este ano e pico.

#### ROGOS E PREGUNTAS

#### Sr. Regueira Varela

Simplemente unha pregunta. Hai cinco meses xa que este Pleno encomendou á Presidencia da Corporación que realizase as xestións oportunas ante os órganos competentes da Comunidade Autónoma para analizar conxuntamente as opcións de xestión e financiamento daqueles servizos nos que se dá unha concorrencia de competencias. Está a piques de celebrarse unhas eleccións en Galicia, por tanto vai cesar o goberno, durante estes meses viñeron a Pleno diferentes cuestións competenciais compartidas entre a Xunta e a Deputación, e nese mesmo primeiro punto

do acordo dese Pleno tamén se designaba unha comisión político-técnico á que se lle ían dar as valoracións e os resultados das negociacións que se tivo entre as dúas administracións, e a estas alturas aínda non houbo a primeira reunión desa Comisión político-técnica, nin sequera está designada. Por tanto, queremos saber se iso queda posposto ata despois das eleccións, agardando a que haxa, eu espero que haxa un cambio de goberno na Xunta de Galicia, ou se vai facer unha valoración destes cinco meses e das diferentes conversas que tivo a Presidencia desta Administración pública coas diferentes consellerías da Xunta de Galicia.

#### Sr. Presidente

Eu comprométome a, antes de que o novo Goberno estea constituído, con independencia de quen sexa, que eu me imaxino quen pode ser, e vostede tamén terá outra opinión, primeiro convocar esa comisión, constituíla, e dar conta do que fixemos desde o anuncio ata agora, para que todos sexamos coñecedores de onde estamos neste momento antes de empezar a falar co novo Goberno que sairá das urnas o próximo día 21 de outubro.

#### Sr. Fernández Moreda

Grazas, Sr. Presidente. Unha vez terminadas as cortesías, que ademais son sentidas e de corazón, estamos no noso labor de oposición, e quería mostrarlle a preocupación que existe no Grupo Socialista, preocupación que constatamos en diferentes ámbitos da provincia, polas demoras que se están producindo no funcionamento da Deputación, demoras que podería circunscribir neste caso ás áreas de Cultura, Deportes, Promoción, Fomento, e o tema de estradas. Estamos a 14 de setembro, pasaron xa nove meses do exercicio orzamentario, e a maior parte dos concellos non coñecen as subvencións que van recibir, pero non só os concellos, non hai ningunha asociación, ou entidade sen ánimo de lucro na provincia, que solicítase unha petición de axuda á Deputación e que a día de hoxe tivese unha resposta positiva ou negativa sobre esa solicitude.

Como vostede sabe, hai moitas asociacións que piden e desenvolven as súas actividades, fundamentalmente nos meses de verán, desenvolveron as súas actividades e non saben se van ter algún tipo de axuda por parte desta Deputación. Pediríamos que se axilizase, que se desen instrucións, para que estas cuestións se resolvesen canto antes, e preocúpanos tamén o tema de vías e obras, a conservación de vías provinciais. O Plan de conservación de vías provinciais aprobouse no Pleno do mes de xaneiro deste ano e a día de hoxe aínda hai o Grupo 9 de Oleiros-Sada, o Grupo 12 de Aranga-Cesuras-Coirós-Curtis e Oza, o Grupo 14 de Melide-Santiso-Sobrado e Toques, o Grupo 16 de Arteixo-Coruña e Culleredo, o Grupo 17 de Carballo-Cerceda e Laracha e o Grupo 18 de Cabana-Coristanco-Malpica-Ponteceso e Zas, que están sen adxudicar esas obras. Obras que se adxudicaban antes do verán, que consisten fundamentalmente en limpeza de maleza, limpeza de cunetas e sinalizacións verticais, horizontais e algún tipo de reparación de fochancas. Creo que é a primeira vez na historia da Deputación que a mediados de setembro aínda as obras de conservación de vías provinciais está sen

adxudicar. Máis adiante, cando estea todo adxudicado, faremos o balance económico do que supuxo o cambio do sistema de contratación, de contratar por procedemento aberto, cunhas baixas, na última o pasado mércores, na Mesa de Contratación adxudicouse, ou se propuxo a adxudicación do Grupo 12, cunha baixa do 34,21%, veremos o resultado final dese cambio de criterio na adxudicación da conservación, o que supón de perdas de economía para a Deputación provincial e o que supón de novos investimentos que se deixan de facer polo cambio de criterio. Pero neste momento o que queremos é manifestar, simplemente, a preocupación constatada en distintos ámbitos da provincia, polas demoras que se están producindo no funcionamento da Deputación.

#### Sr. Presidente

Moi ben, contéstolle. Con respecto ás convocatorias de axudas, tanto no campo de cultura, deportes, servizos sociais e promoción económica, é certo que levamos un mes de atraso con respecto ao ano pasado ou anos anteriores. Ese mes de atraso ten unha explicación, e a explicación débese fundamentalmente a que cando chegamos fomos quen de tentar cambiar en certa medida as ordes de convocatoria, e seguiremos tentando melloralas ano tras ano, no que nós entendemos que se pode mellorar, e saíron un pouco máis tarde do que saían normalmente. Ademais cambiouse o programa informático que leva a xestión das ditas ordes e, por tanto, eses desaxustes fixeron que se producise ese mes de atraso con respecto a anos anteriores. Non estamos a falar de 3, 4, 5 meses, senón dun mes.

De todos os xeitos xa comprometemos con todos os servizos implicados, e xunto tamén co departamento de Informática nunha reunión de colaboración que tivemos nesta mesma semana, creo que foi, que estamos a tentar tamén co departamento de Intervención, axilizar o máximo posible para que ao final ese mes que hai a día de hoxe non se incremente, senón que se reduza con respecto aos anos anteriores.

Isto sérvenos para aprender moitas cousas, primeiro, que imos sacar para o ano que vén, 2013, e é un compromiso que asumimos aquí en Pleno, que a convocatoria de axudas non saia no ano, senón que saia no ano anterior, e temos o compromiso de tentar publicalas entre o mes de novembro e decembro as convocatorias do ano 2013, para que o ano que vén esas asociacións, que vostede ben di, os concellos e outro tipo de entidades, poidan saber de antemán cal vai ser a achega que van ter, e poidan planificar mellor as súas actividades. Esperemos que para o ano, grazas aos cambios que introducimos este ano, e que estamos a introducir en colaboración con todos os servizos, aos cales eu lles dou e agradézolles o traballo, poidamos por fin ter un ano onde por primeira vez na historia as asociacións, entidades e concellos, nos primeiros meses do ano saiban cal é a súa achega.

Efectivamente, ese atraso produciuse, e esperemos que este ano consigamos reduci-lo na medida do posible, para tentar conseguir que o ano que vén teñamos mesmo mellores resultados que nos anteriores.

Con respecto ás estradas, si é verdade que se produciu un atraso na contratación dalgunha estrada, é certo que queda só un Grupo, dous Grupos paréceme, o resto están todos contratados e limpando, e falaremos, falaremos do que vostede dicía cando chegue a quenda, pero si lle vou dicir que a día de hoxe están todos empezando, e que houbo algún problema, e é certo, nalgún Servizo, no Servizo de Contratación, coa axilidade para determinados expedientes, esperemos poder solucionalo e, efectivamente, ser moito máis áxil tamén aí, nun Servizo que tradicionalmente ten unha carga de traballo moi importante e tentaremos axilizar para os exercicios posteriores.

Sr. Fernández Moreda

Grazas, Sr. Presidente, aínda que creo que as axudas se convocaban o mes de decembro, sempre, ata agora, pero ben, isto é outra cuestión. No Pleno de xuño o grupo Socialista presentou unha moción que falaba do nivel de investimento nas comarcas mineiras, e díxosenos que quedara sobre a mesa, que se traería a outro Pleno, que querían estudalo, no mes de xullo lembramos isto. Simplemente é un rogo, se se pode traer, tal como quedamos, para o Pleno de setembro esta moción.

Sr. Presidente

Ten algunha outra pregunta, rogo ou intervención?, non?, vale. Simplemente que no seguinte Pleno tentaremos ver se somos capaces de tentar traela.

Sen máis asuntos que tratar remata a sesión, sendo as doce horas e cincuenta minutos, redáctase a acta e autorízase a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, secretario, dou fe.